Sobre a situación da Administración de xustiza en Galicia, a reclamación da ampliación da planta xudicial e outras medidas de mellora, así como respecto das competencias da Xunta de Galicia neste ámbito e das medidas que esta desenvolveu nos últimos dez anos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16038 (12/POC-002527)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 8 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa da transición xusta perante a Unión Europea

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16039 (12/POC-002528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o número de vivendas de promoción pública impulsadas polo IGVS entregadas en 2022 e 2023 e cales foron, así como as anualidades de licitación dos contratos para a redacción dos seus proxectos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16041 (12/POC-002529)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis



Sobre as actuacións de mellora nas dependencias xudiciais que está a acometer ou que ten planificadas o Goberno galego

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16043 (12/POC-002530)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 8 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego respecto da participación de Galicia na execución do Programa operativo de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal (POCTEP) 2021-2027

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16045 (12/POC-002531)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 8 máis

Sobre a participación da Comunidade Autónoma de Galicia no debate sobre o futuro da política de cohesión da Unión Europea

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16047 (12/POC-002532)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 9 máis

Sobre a contribución da Comunidade Autónoma de Galicia ao debate europeo sobre o reto demográfico

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16049 (12/POC-002533)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre os resultados dos simulacros organizados para verificar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 16050 (12/POC-002534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto do desenvolvemento na actual lexislatura da vía de acceso ao porto da Guarda, as partidas orzamentarias dedicadas e o diálogo cos sectores afectados e os axentes implicados na execución desta infraestrutura

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 16051 (12/POC-002535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a situación neste curso 2024-2025 do CEIP Novo Mesoiro, da Coruña, verbo do seu cadro de profesorado especialista en alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 16052 (12/POC-002536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á recuperación e posta en valor do patrimonio industrial do poboado mineiro de Fontao, en Vila de Cruces, e ás actuacións destinadas a comunicar este núcleo residencial coa súa contorna

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16061 (12/POC-002537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a situación dos expedientes de solicitude de axudas agroambientais derivadas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria de 2025

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 16063 (12/POC-002538)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as iniciativas e os servizos de apoio impulsados pola Xunta de Galicia co fin de mellorar a competitividade das pemes galegas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 16072 (12/POC-002539)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as expectativas que hai respecto da ampliación da plataforma experimental de enerxías renovables mariñas localizada en Punta Lagosteira e as condicións requiridas para a súa posta en marcha

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 16074 (12/POC-002540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a elaboración dun informe respecto do perfil patolóxico das persoas usuarias de cada centro residencial e das que o son por emerxencia social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16076 (12/POC-002541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a evolución nos últimos cinco anos das medidas da Xunta de Galicia dentro do modelo de apoio á dependencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16078 (12/POC-002542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena



Sobre as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia dirixidas á erradicación da pobreza infantil, á mellora da situación das familias monoparentais, especialmente das encabezadas por mulleres, e a razón do incremento dos casos de menores tutelados

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16079 (12/POC-002543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a desestimación polo Tribunal Supremo dun recurso da CRTVG contra unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que consideraba improcedente a destitución dun alto directivo desta empresa pública

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 16080 (12/POC-002544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do envío de informes ao Parlamento de Galicia referidos á execución dos proxectos sociais dependentes de fondos europeos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 16081 (12/POC-002545)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do envío de informes ao Parlamento de Galicia referidos á execución dos proxectos sociais dependentes de fondos europeos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16084 (12/POC-002546)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a eventual adopción da medida reclamada polos movementos sociais de loita contra a pobreza consistente na recuperación da Tarxeta Básica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16085 (12/POC-002547)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o tratamento dos espazos destinados á actualidade política nos medios da CRTVG durante os procesos electorais de 2023

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 16087 (12/POC-002548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre a xestión administrativa que levou adiante o Instituto Galego da Vivenda e Solo no referido ás axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 16088 (12/POC-002549)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre a xestión administrativa que levou adiante o Instituto Galego da Vivenda e Solo no referido ás axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16089 (12/POC-002550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o estado en que están os traballos para a aprobación do estatuto profesional e a creación do consello de informativos que están previstos na Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 16091 (12/POC-002551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre a situación das instalacións e medios materiais da Residencia de Maiores de Oleiros, así como sobre a dotación dos cadros de profesionais segundo as diferentes necesidades de asistencia e atención

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16093 (12/POC-002552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre os criterios que ten a Xunta de Galicia na súa política de apoio a festivais e eventos culturais e as súas previsións nesta materia de cara aos vindeiros xacobeos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16094 (12/POC-002553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o cumprimento polo Goberno galego dos acordos do Parlamento de Galicia en materia de normalización lingüística e dos pactos acadados cos estamentos que traballan en defensa da lingua galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16096 (12/POC-002554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre os resultados acadados nestes dous últimos anos coa inclusión de pacientes psiquiátricos nas residencias de maiores e as características do novo modelo que quere pór en marcha a Xunta de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16098 (12/POC-002555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena



Sobre as listas de espera para a valoración do grao en dependencia e o traballo da Xunta de Galicia coas entidades sociais co fin de mellorar os servizos ás persoas dependentes con grao recoñecido
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16100 (12/POC-002556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o control que realiza a Xunta de Galicia verbo da obriga que teñen os titulares de bens de interese cultural en relación coa súa apertura ao público e a eventual existencia dunha planificación para difundir aqueles bens de menor coñecemento

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 16102 (12/POC-002557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a cobertura da demanda xerada en Galicia das prestacións outorgadas pola Lei de dependencia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16104 (12/POC-002558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o eventual desenvolvemento por parte do Goberno galego de plans de información á poboación relativos ás prestacións sociais ás que ten dereito e a estimación das cifras de persoas acredoras que non as solicitan por descoñecemento ou dificultades de tramitación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16106 (12/POC-002559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre o estado en que está a elaboración do estudo anunciado pola anterior Consellería de Igualdade relativo á realidade laboral das persoas LGTBIQ+

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16108 (12/POC-002560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego canto á reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, nomeadamente no que se refire á incompatibilidade de determinadas prestacións co Ingreso Mínimo Vital (IMV)

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16110 (12/POC-002561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Consellería de Política Social e Igualdade respecto da elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 16112 (12/POC-002562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerosis lateral amiotrófica (ELA) e aos orzamentos para cubrir as prestacións recollidas na lei acabada de aprobar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16114 (12/POC-002563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia co fin de erradicar a pobreza e a vulnerabilidade social na franxa de poboación galega que está nesa situación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16115 (12/POC-002564)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o orzamento que prevé destinar o Goberno galego á prevención e sensibilización en Galicia ante os delitos homófobos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16117 (12/POC-002565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o traballo levado a cabo pola Xunta de Galicia para materializar os dereitos das persoas dependentes establecidos na Lei de autonomía persoal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 16119 (12/POC-002566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o apoio da Xunta de Galicia, baixo un selo distintivo e un programa conxunto, ás fundacións e aos centros que difunden o traballo dos persoeiros da cultura galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro, Iria Taibo Corsanego, Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o tratamento da lingua galega por parte da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A defensa e promoción da lingua galega é unha obriga e un deber que debemos exercer todos e todas as representantes da cidadanía galega, e por suposto as administracións do noso país. Alén disto, esta defensa deber ser un obxectivo principal da Corporación de Radio e Televisión de Galicia que na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia recolle no seu artigo 4 (principios inspiradores e alcance) un apartado 1.b que reza “a promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galiza”.

Ademais diso, o artigo 5 desa mesma lei (Obxecto do servizo público) establece que:

“Artigo 5. Obxecto do servizo público. 1. O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programación diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinadas a satisfacer as necesidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega”.

Por outra banda, o “Artigo 6. Uso da lingua galega A lingua da Corporación RTVG é o galego; xa que logo, a prestación do servizo de comunicación audiovisual por parte da devandita sociedade e as comunicacións que efectúe ao persoal dependente dela no exercicio das súas tarefas serán en lingua galega”.

Tendo en conta o dito anteriormente resulta realmente vergoñento o que vén acontecendo en diversos programas da televisión pública nos que se chegou a cuestionar a “utilidade” da lingua galega e criticar a súa “imposición”, até o punto de mentir afirmando que a meirande parte das materias nos centros de ensino son impartidas en galego.

Para alén diso, e sen querer incidir no desleixo absoluto da nosa lingua nos faladoiros, vimos exemplos levados a cabo pola propia CRTVG nos que se emitían programas en español ou debates non traducidos ao galego como anteriormente si se tivera feito.

Podemos falar tamén da práctica cada vez máis común de acudir a expertos e expertas non galegofalantes para entrevistar nos diferentes programas, tendo a opción de contactar con galegos e galegas que poden cumprir esa mesma función explicativa ou informativa.

Por último, debemos salientar un caso que consideramos máis grave, que é o feito de que a CRTVG nas súas redes sociais promova tópicos sobre a lingua galega, sobre a súa normativización e corrección que xa non é que non axuden á normalización da mesma, senón que inciden no proceso desgaleguizador e de pouca estima pola lingua que nos une, fálémola sempre, ás veces ou nunca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Que ten que dicir o director xeral da CRTVG en relación coas mensaxes galegóforas subidas ás redes sociais da propia CRTVG?
- Están a cumprir coa súa obriga de defensa e promoción da lingua galega emitindo ese tipo de opinións nos nosos medios públicos?
- Vai a CRTVG seguir camiñando cara a emisión de máis programación en lingua española?
- Como pensa a CRTVG impulsar o uso do galego no futuro?
- Seguirá a aumentar o número de entrevistas e consultas a persoas que non coñecen a nosa lingua?
- Considera que a CRTVG cumpre coa súa función normalizadora do galego?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Taibo Corsanego

Olalla Rodil Fernández

Iago Suárez Fernández

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 30/12/2024 10:38:00

Iria Taibo Corsanego na data 30/12/2024 10:38:12

Olalla Rodil Fernández na data 30/12/2024 10:38:24

Iago Suárez Fernández na data 30/12/2024 10:38:33

Mercedes Queixas Zas na data 30/12/2024 10:38:42

Alexandra Fernández Gómez na data 30/12/2024 10:38:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre os plans da CRTVG para este inicio de lexislatura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comeza un novo curso político e ábreanse importantes interrogantes sobre o futuro dos medios públicos de Galiza a respecto do cumprimento da lexislación vixente en diversas materias que foron incumpridas de maneira reiterada ao longo dos últimos 13 anos.

Por exemplo:

- A aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos (artigo 36).
- A aprobación e sinatura do primeiro Contrato Programa (artigo 33).
- A elección da Dirección Xeral por dous terzos do Parlamento de Galiza (artigo 23).

Hai anos que desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego vimos preguntando por estas cuestións e esixindo, especialmente, a garantía e respecto escrupuloso dos dereitos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do persoal da CRTVG mais sobre todo do conxunto da cidadanía galega que é, en primeira e última instancia, a propietaria dos medios públicos do noso País.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na comisión de control da CRTVG:

Cando vai cumprir a CRTVG coas súas obrigas?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/12/2024 11:06:37

Iago Suárez Fernández na data 30/12/2024 11:06:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 30/12/2024 11:06:56

Mercedes Queixas Zas na data 30/12/2024 11:07:11

Alexandra Fernández Gómez na data 30/12/2024 11:07:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre os ingresos publicitarios da CRTVG nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, os ingresos publicitarios da CRTVG foron variando da seguinte maneira, de acordo coa información remitida ao Parlamento a través das contas anuais e dos orzamentos:

2019: 5,8 millóns de euros

2020: 6,3 millóns de euros

2021: 6,9 millóns de euros

2022: 7,5 millóns de euros

2023: 6,9 millóns de euros

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na comisión de control da CRTVG:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantos anunciantes mercaron espazos publicitarios na CRTVG nos últimos cinco anos?

- Cantos deses anunciantes son privados e cantos corresponden con publicidade institucional?

- Cantos convenios, contratos ou colaboracións se asinaron con administracións públicas? Cantos deles con Consellarías da Xunta de Galiza? Con cales e por que importe?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/12/2024 11:09:39

Mercedes Queixas Zas na data 30/12/2024 11:09:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 30/12/2024 11:09:54

Iago Suárez Fernández na data 30/12/2024 11:10:07

Olalla Rodil Fernández na data 30/12/2024 11:10:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara,, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a situación da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro deste ano o comité intercentros da CRTVG iniciou paros parciais como fórmula de protesta polas decisións que adoptou a dirección da Corporación de continuar co proceso de contratación de parte da programación con produtoras privadas.

O conflito foi recrudecente, en boa medida pola actitude da dirección da CRTVG que se nega mesmo a negociar coas forzas sindicais que representan o persoal dos medios públicos. Así, os paros culminaron na convocatoria dunha folga indefinida.

Porén, lonxe de escoitar as demandas das traballadoras e traballadores a través da súa lexítima representación sindical, a dirección da CRTVG decidiu endurecer a súa posición e ameazar coa aplicación de medidas disciplinarias.

Segundo o Comité Intercentros, a dirección da CRTVG pretende acusar o persoal que participa nas mobilizacións de “fraude, deslealdade, abuso de confianza” ou “abuso de autoridade”. Non é a primeira vez que acontece. Estas ameazas coa abertura de expedientes disciplinarios e mesmo o inicio deses expedientes contra traballadoras e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadores da CRTVG xa aconteceu antes, o que supuxo a condena en firme da CRTVG pola vulneración de dereitos fundamentais.

Para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisíbel a situación na que se atopa a CRTVG que, lonxe de mellorar, nos últimos anos foi aumentando en tensión e conflitividade non só polo estritamente laboral senón pola deriva na que a actual dirección embarcou os medios de comunicación públicos co obxectivo único de instrumentalizalos ao servizo dos intereses do Partido Popular.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

Que vai facer a dirección da CRTVG para garantir os dereitos do persoal e o cumprimento da misión de servizo público da Corporación?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/12/2024 11:12:37

Iago Suárez Fernández na data 30/12/2024 11:12:40

Daniel Castro García na data 30/12/2024 11:12:51

Mercedes Queixas Zas na data 30/12/2024 11:13:01

Alexandra Fernández Gómez na data 30/12/2024 11:13:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as achegas da Xunta de Galiza ás entidades locais para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 31 de maio publicouse no DOG -núm. 105- a Orde de 27 de maio de 2024 pola que se establecen as base reguladoras das subvencións a concellos de Galiza, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos, naturais e instalacións acuáticas descubertas para o ano 2024.

O obxecto da convocatoria é a subvención dos custes salariais en que incorra o concello en relación co persoal destinado á prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal ou en espazos naturais situados dentro do seu ámbito territorial entre os días 1 de xuño e 30 de setembro de 2024.

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes -isto é, ate o 1 de xullo – e o prazo de resolución das solicitudes remata do día 30 de setembro. Xa que logo consonte as previsións da convocatoria e dada a data de publicación da mesma, a resolución do procedemento podería non producirse ate a total finalización da actividade subvencionable, obrigando a todos os concellos eventualmente beneficiarios a contar con recursos propios e anticipar os custes da prestación do servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A convocatoria das subvencións, en réxime de concorrência competitiva e dirixida á vixilancia tanto en espazos acuáticos naturais como en piscinas descubertas de titularidade municipal, establece entre outros criterios de valoración:

- O número de zonas de baño do concello inscritas na sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galiza na data de finalización de presentación de solicitudes, valorándose con 5 puntos por cada zona de baño, marítima ou continental, e ate un límite de 65 puntos, sobre os 100 que como máximo contempla a convocatoria.
- Número de bandeiras azuis concedidas ás praias incluídas no ámbito territorial do concello no ano 2023, ate un límite de 15 puntos.
- A declaración do concello como “municipio turístico galego” ou a poboación de dereito total, con ate 10 puntos son outros dos criterios a valorar na concesión das subvencións convocadas.

A extraordinaria demora na convocatoria das axudas cuxo prazo de resolución coincide co prazo de remate da actividade subvencionable, e os criterios utilizados vai dificultar, senón impedir, que moitos concellos do interior de Galiza podan beneficiarse das axudas da Xunta de Galiza e, xa que logo, podan abrir as piscinas municipais en condicións de total seguridade durante toda a tempada estival en territorios nos que cada vez é máis habitual acadar temperaturas superiores aos 40°.

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal foi razón da extraordinaria demora na convocatoria das axudas destinadas aos concellos para a prestación do servizo de vixilancia e salvamento en espazos acuáticos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza facilita a planificación e organización do servizo que os concellos non coñezan cos recursos económicos cos que contan ate o final da actividade subvencionable?

Cantas piscinas municipais están inscritas na sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galiza?

De non existir a posibilidade de inscrición de piscinas municipais no rexistro, poderían estes concellos obter algún dos 65, sobre 100, nos que se valora o feito desta inscrición?

A concesión das bandeiras azuis está reservadas a praias?

Poderían os concellos obter algún dos 15 puntos posíbeis para a prestación do servizo de socorrismo en piscinas públicas?

Certo que o Plan específico de salvamento en praias, SAPRAGA, non abrangue ás piscinas?

En que data notificouse aos concellos á resolución do procedemento?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para reverter o elevado número de persoas afogadas en espazos acuáticos durante os últimos anos?

Que entidades locais foron as beneficiarias das axudas da Xunta para a contratación de socorristas durante os anos 2022, 23 e 24 e cal foi a cantidade concedida a cada unha delas?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/12/2024 11:29:37

Óscar Insua Lema na data 30/12/2024 11:29:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e **Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a ausencia de contestación á pregunta parlamentar relativa á celebración e resultados dos convenios asinados dende 2020 pola Xunta de Galiza co Consello Avogacía Galega sobre a intromisión non consentida en vivendas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de maio de 2024, reiterando solicitudes realizadas anteriormente, dende o grupo parlamentar do BNG interesamos que a Xunta de Galiza informara, entre outros extremos, sobre:

Cal é o número de procedementos penais ou civís tramitados nos órganos xudiciais galegos por intromisión non consentida de vivenda de persoa física en cada un dos anos que van entre 2015 e 2020, con expresa indicación do órgano xudicial de que se trate ou do concello no que se produciu a intromisión?

Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG no ano 2020, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada?

Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG nos anos 2022 e 2023, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada e ou sobre a que existía risco de perda?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Reconvertida a pregunta oral en pregunta escrita por finalización do período de sesións, a Xunta de Galiza contestou por medio da Consellaría de Vivenda e Planificación de Infraestruturas sen dar resposta ás cuestións formuladas. En concreto, mediante escrito con número 9370 no rexistro de entrada do Parlamento de Galiza a Xunta de Galiza limitouse a indicar que:

“A Lei 12/2023, do 24 de maio, de vivenda establece como obrigatorio un procedemento de intermediación prexudicial no caso de certos desaloxos. Concretamente, naqueles desafuizamentos de vienda nos que o demandante sexa un gran tenedor e o demandado sexa unha persoa en situación de especial vulnerabilidade.

No que respecta á comunidade autónoma de Galiza, a Xunta estableceu o procedemento de intermediación a través do Convenio asinado entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e o Consello da Avogacía Galega (CAG). O servizo de intermediación préstase a través do Instituto Galego de Mediación e Arbitraje (INGALMAR), dependente do CAG, e os colexios da avogacía de Galiza, a través dos seus respectivos servizos de mediación.

Con este convenio asegúrase a prestación do servizo”

Como evidencia a resposta transcrita na súa integridade, a Xunta de Galiza máis unha vez incumpre o seu deber de facilitar a información solicitada, sen que conste razón que o podera impedir, polo que dende o grupo parlamentar do BNG a fin de coñecer, de existir, a razón do incumprimento por parte da Xunta de Galiza do seu deber legal que implica a vulneración dun deber fundamental e reiterando a solicitude realizada no seu día, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que a contestación realizada da resposta ás preguntas formuladas?

Entende que o incumprimento do disposto no art. 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza permite o exercicio do dereito/deber de control da acción de Goberno que ten conferido o Parlamento?

Cal é o número de procedementos penais ou civís tramitados nos órganos xudiciais galegos por intromisión non consentida de vivenda de persoa física en cada un dos anos que van entre 2015 e 2020, con expresa indicación do órgano xudicial de que se trate ou do concello no que se produciu a intromisión?

Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG no ano 2020, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada?

Cantas, en que datas e cal era o contido das consultas atendidas en virtude do convenio asinado entre o IGVS eo CAG nos anos 2022 e 2023, e cal era a concreta localidade da vivenda ocupada e ou sobre a que existía risco de perda?

No Convenio recentemente asinado entre o IGVS e o CAG incluíuse a realización da preceptiva intermediación ou conciliación para a admisión a trámite de demandas de desafuzamento de grandes tenedoras fronte á persoas en situación de vulnerabilidade, en base a que informes valorou a Xunta de Galiza o custe da prestación deste servizo en toda Galiza?

Contemplou a Xunta de Galiza a realización deste servizo por medio de recursos propios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza importante fomentar a recurso a actos de solución pacífica de conflitos cando o desafiuamento pode ser instando por persoas, físicas ou xurídicas, que non teñan a condición de grandes tenedoras?

Por que razón/s a a prestación de garda semanal no asesoramento ao que se refire nos diferentes convenios valorouse en 750 € no ano 2022, 820 € no 23 e 620 no 24?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/12/2024 11:35:22

Alexandra Fernández Gómez na data 30/12/2024 11:36:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Daniel Pérez López, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o rescate das autovías autonómicas AG 55 (Coruña- Carballo) e AG 57 (Vigo-Val Miñor).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do luns 14 de outubro tivo coñecemento dun informe sobre o rescate de catro autoestradas en réxame de peaxe en sombra. Á espera de coñecer os detalles da iniciativa, esta decisión constitúe unha rectificación e unha emenda á decisión do goberno da Xunta do PP de promover a construción de infraestruturas e equipamentos polo sistema de “colaboración” público privada e peaxe na sombra, moito máis gravoso para as arcas públicas tal como puxo de manifesto o informe do Consello de Contas sobre o Álvaro Cunqueiro (que cifrou o sobrecusto en 470 millóns) e o informe do Consello de Contas do 26 de outubro de 2023 sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas, relativo á aplicación deste sistema na AG 56 Santiago-Brión; AG 41 do Salnés; AG 11 do Barbanza, AG 31 de Celanova e AG 55 da Costa da Morte.

Estes custos aumentaron dado que no ano 2014 se renegociáronse (requilibráronse) tres das concesión (O Salnés, O Barbanza e Celanova), o que tivo como consecuencia un incremento de 205 millóns nos pagamentos da Xunta ás concesionarias. Froito daquela decisión, agora a Xunta terá que incrementar a contía da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indemnización polo rescate das autovías do Salnés, Barbanza, Ourense Celanova e Santiago Brión:

-AG 56 Santiago Brión: pagamento de 95 millóns a Dragados, Extraco e Francisco Gómez e Cia.

-AG 31 Celanova: pagamento de 85 millóns a Copasa e Extraco.

-AG 11 O Barbanza: pagamento de 72 millóns a Itinere e Abanca

-AG 41 O Salnés: pagamento de 45 millóns a Copasa, Puentes e Abanca.

A conclusión de todo este proceso, cando remate, é que o sistema de construción por colaboración público privada foi ruinoso para as arcas públicas e un lastre para os orzamentos en materia de infraestruturas.

En todo caso, á espera de coñecer os informes e estudos relativos aos custos do rescate das catro autovías citadas, temos que lembrar o que dicía o informe do Consello de Contas de outubro de 2023:

*“Na situación actual, coas renegociacións xa feitas, a nosa recomendación é que a Xunta de Galicia revise estes acordos polos que se incrementaban as tarifas pagadas aos concesionarios. O obxectivo debe ser, tal como estaba previsto na Lei que habilita os reequilibrios, limitar os pagamentos as cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. Segundo a nosa análise, garantindo esa viabilidade financeira, **existen posibilidades de reducir as tarifas abonadas pola administración e xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de, cando menos, 44 millóns de euros. (...).***





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Axencia Galega de Infraestruturas debe analizar a revisión dos incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos. En todo caso, e como consecuencia da dita revisión, a partir do ano 2032 debería deixar completamente sen efecto nas autovías do Salnés e do Barbanza os incrementos de tarifa do 38% e 35,5%, respectivamente”.

Mais a decisión anunciada no Consello da Xunta a respecto destas catro autovías constitúe un novo agravio e unha discriminación para as comarcas que sofren autovías de peaxe de titularidade da Xunta, a Coruña-Bergantiños (AG 55) e Vigo-Val Miñor (AG 57), unha situación que supón un sobrecusto para familias e empresas e un lastre para a mobilidade, a conectividade e a competitividade destas zonas, nas que as citadas autovías constitúen eixos vitais de comunicación para parques empresariais e equipamentos públicos.

Ademais, o mantemento destas peaxes ten como consecuencia derivada o elevado tráfico nas estradas convencionais, coas repercusións negativas que isto ten na seguridade viaria e na calidade de vida de zonas densamente poboadas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta iniciar os trámites para o rescate das autovías AG 55 A Coruña-Carballo e AG 57 Vigo Val Miñor, de maneira que se poida facer efectivo no ano 2025?

Fixo a Xunta algún estudo sobre o custo económico deste rescate?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recoñece a Xunta que foi moi gravoso para as arcas públicas a utilización do sistema de colaboración público privada para a construción de infraestruturas?

Vai o goberno galego revisar os incrementos de tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora e ata 2032 a súa contía ata a cantidade estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos, tal como recomendou o Consello de Contas?

Cal é o impacto económico da renegociación das concesión no custo do rescate das autovías AG 56, AG 31, AG 11 e AG 41?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Daniel Pérez López
Alexandra Fernández Gómez
Carmela González Iglesias
Iria Taibo Corsanego
Mercedes Queixas Zas
Deputados e deputadas G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 16/10/2024 12:23:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/10/2024 12:23:44

Daniel Pérez López na data 16/10/2024 12:23:57

Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2024 12:24:11

Carmela González Iglesias na data 16/10/2024 12:24:24

Iria Taibo Corsanego na data 16/10/2024 12:24:35

Mercedes Queixas Zas na data 16/10/2024 12:24:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a falla de obxectivos ambiciosos e de execución orzamentaria en materia de promoción de vivenda pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o goberno galego presentaba un novo plan de vivenda baixo o título *Pacto Social da vivenda 2021-2025*. Un plan cargado de vaguidades e de falla de concreción sobre as medidas e obxectivos concretos que pretendía acadar. Tal era a indefinición que a Xunta de Galiza tardou máis de dous anos, logo da súa aprobación, en anunciar unha meta precisa en materia de desenvolvemento e promoción de vivenda protexida e de vivenda pública.

De forma que en 2023 o Consello da Xunta comunicou o desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*. Esa estratexia propón incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O compromiso global do goberno segue a ser insuficiente tendo en conta que no Rexistro de Demandantes de Vivenda existen máis de 18.000 familias agardando por unha vivenda protexida, das cales, máis do 80% solicitan o réxime de vivenda pública.

Por se fose pouco, o cativo compromiso da Xunta de Galiza non está a contar co impulso económico necesario para acadar os resultados prometidos. Nas contas de 2023 o executivo comprometeu unha partida de 8M€ para a construción de vivendas de promoción pública, das que apenas executaron 2,6M€. É dicir, 2 de cada 3 euros previstos non chegaron a executarse. O mesmo sucede coa partida prevista para a promoción de solo residencial, que con apenas 2M€ executados só logra executar 1 de cada 3 euros.

Con este ritmo de investimento semella realmente complicado que a Xunta acade os cativos obxectivos marcados na súa estratexia. Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas vivendas de promoción pública foron entregadas en 1º adxudicación dende o 2023?
- Cantas vivendas foron entregadas en 1º adxudicación a través do programa Rexurbe dende o 2023?
- Cantas vivendas foron cedidas pola SAREB ao IGVS dende o 2023?
- Que valoración fai o executivo galego da execución orzamentaria en materia de vivenda no ano 2023?
- Considera a Xunta de Galiza que é necesario incrementar o investimento e a execución en materia de promoción de solo e vivenda pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 02/01/2025 10:43:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o Plan de choque anunciado pola Xunta de Galiza para cumprir os prazos legais en materia de dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último consello da Xunta de 2024 a Consellaría de Política Social anunciou un Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade destinado a cumprir os prazos legais establecidos en materia de dependencia desde hai dezaioito anos.

Neste senso, anunciouse a bombo e prato unha batería de medidas encamiñadas a garantir que as valoracións de dependencia se realizarán nun período máximo de 6 meses, algo que fixa a Lei de dependencia desde 2006.

Entre as medidas anunciadas pola Xunta atópanse moitas que xa estaban previstas ou en aplicación, como a redución burocrática incluída no Decreto 142/2023 e a tramitación conxunta de dependencia e discapacidade prevista na Lei de acompañamento aos Orzamentos de 2025. Alén doutras que existen desde hai xa 18 anos como a creación dunha prestación económica vinculada á adquisición de servizos para aquelas persoas que se atopan no denominado limbo da dependencia, é dicir, persoas con grao recoñecido e dereito a servizo mais sen acceso a el por falta de prazos públicas dispoñíbeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, a Xunta de Galiza non prevé actuacións de ningún tipo en dous ámbitos esenciais para garantir os dereitos das persoas dependentes e/ou con discapacidade, isto é: máis centros e prazas públicas nin máis persoal nas Equipas de Valoración e Orientación que unicamente manterán até 2027 o reforzo financiado con cargo aos fondos europeos PO FSE+ GALICIA.

Cómpre lembrar que Galiza é a cuarta comunidade autónoma con maior tempo de agarda na tramitación da dependencia. Neste senso, en abril de 2024 o tempo medio de resolución era de 371 días sendo Galiza o territorio onde máis se incrementara a demora. A finais deste ano 2024 o tempo medio situábase aínda máis lonxe, en 387 días.

Segundo o Observatorio Estatal da Dependencia, desde 2017 faleceran no noso País 6.500 persoas agardando pola tramitación das súas solicitudes, máis de dúas persoas ao día, a maior parte delas estaban á espera de acceder ao servizo ao que tiñan recoñecido dereito por lei.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Pode aclarar a Xunta en que vai investir de maneira concreta os 90 millóns de euros anunciados no marco do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade?

- Sen dotar de máis persoal do que xa hai as Equipas de Valoración e Orientación, como vai garantir o cumprimento dos prazos establecidos por lei de tramitar e garantir o acceso ao servizo de dependencia en 6 meses?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tendo en conta que a principal causa de demora no cumprimento da lei de dependencia en Galiza está na falta de prazas públicas de residencia, centros de día e SAF, entre outros servizos, como vai garantir a Xunta que cumpre coas súas obrigas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/01/2025 11:00:31

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2025 11:00:34



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O día 28 de outubro de 2024 aprobábase no Consello da Xunta de Galicia o Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do proxecto Xestión sostible e baixo un enfoque ecosistémico dos stocks de poliquetos de interese comercial en Galicia: valorización do recurso e avance no coñecemento da súa bioloxía e ecoloxía (Polychaeta II), para o período 2024-2026.

Isto permitirá a realización de propostas de valorización do cebo autóctono e obter información sobre a bioloxía e ecoloxía dos poliquetos explotados que poida empregarse na xestión das súas pesqueiras.

Este proxecto desenvolverase no marco de Redemar, a rede pioneira posta en marcha polo Goberno Galego entre o sector pesqueiro e os organismos científicos galegos, na que, a parte da UDC, tamén colaborará o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores. Estes traballos tamén permitirán confirmar a presenza de poboacións de cebo exótico (miñoca coreana) nas costas galegas e a proposta de distintas métricas ou índices ecosistémicos para facer un seguimento da saúde dos hábitats.

Este acordo súmase aos aprobados nos últimos meses coas universidades galegas, que permiten reforzar a investigación mariña como instrumento esencial para a procura de medidas para mellora dos recursos mariños e da súa rendibilidade. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define as políticas de investigación e innovación da Comunidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿A canto ascende a contía total do convenio asinado pola Xunta de Galicia e a UDC para a xestión sostible dos poliquetos de interese comercial e cales son as accións que se van a acometer con esta sinatura?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 11:07:24
Nº Rexistro: 15905
Data envío: 02/01/2025 11:07:24.170

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 10:54:04

Patricia García González na data 02/01/2025 11:04:41

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 11:04:54

María Deza Martínez na data 02/01/2025 11:05:00

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 11:05:26

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 11:05:30

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 11:05:58

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 11:06:03

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 11:06:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P1STB0GSG8hgzK8066
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a implantación do Plan galego de residencias libres de suxeicións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2023 a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Política Social, anunciou a implantación do Plan galego de residencias libres de suxeicións cuxo obxectivo é –segundo a propia Xunta– “darlle ao persoal das residencias máis ferramentas para a atención aos usuarios, crear espazos máis adaptados para facelos máis seguros e evitar así posibles caídas; e fomentar o uso das novas tecnoloxías para alertar de posibles incidencias que se produzan, coa creación das chamadas habitacións intelixentes nos centros”.

Un plan que comezou a aplicar, segundo a propia Xunta, nas residencias Torrente Ballester e Campolongo.

Porén, segundo puidemos comprobar desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, as residencias de maiores públicas non dispoñían en decembro de 2024 nin dos medios, nin do material, nin da formación necesaria para levar a cabo as medidas previstas nese plan o que fai imposible poder cumprilo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que medidas desenvolveu ou pensa desenvolver a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento do Plan galego de residencias libres de suxeicións?
- Que orzamento destina o Goberno galego ao cumprimento deste plan?
- Que materiais van fornecer aos centros para dar cumprimento ás medidas previstas no plan?
- De que maneira vai garantir a Xunta de Galiza o cumprimento do plan nas residencias privadas?
- Que formación vai recibir o persoal das residencias de maneira presencial e telemática? Cantas horas e con que materiais?
- Vai ampliar os cadros de persoal a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2025 11:09:46

Ariadna Fernández González na data 02/01/2025 11:09:49



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O concepto da economía azul (EA) xurde no ano 2012 no marco da Conferencia das Nacións Unidas sobre Desenvolvemento Sostible, coñecida como Río+20. Trátase dun modelo económico que foi adoptado por outros organismos internacionais, como o Banco Mundial, a FAO ou a UE, e que promove o uso sostible dos océanos, os mares e os recursos acuáticos para impulsar o crecemento económico, crear emprego e mellorar o benestar humano, á vez que se protexe e conserva o medio mariño.

Neste contexto, o enfoque de EA é fundamental para Galicia debido á súa estreita vinculación co mar e o seu potencial económico ligado aos recursos mariños. Galicia conta cunha extensa costa, importantes portos e unha tradición pesqueira que foron piares da súa economía durante séculos. Con todo, ante os retos do cambio climático, a sobreexplotación dos recursos mariños e a necesidade de diversificar o tecido produtivo, é esencial adoptar un enfoque que combine a sostibilidade co crecemento económico.

O Consello da Xunta de Galicia analizou o 4 de novembro de 2024 o Acordo polo que se aproba a Estratexia de Economía Azul de Galicia. Será a folla de ruta coa que o Goberno autonómico busca situar Galicia coma referente neste eido para compaxinar a protección do medio mariño e a actividade económica.

A nova Estratexia é un documento fundamental dada a estreita vinculación da comunidade co mar e o seu potencial económico ligado aos recursos mariños. Galicia é a comunidade con máis quilómetros de costa, importantes portos e unha forte tradición pesqueira que sustentan unha parte importante da economía do territorio.

A Estratexia da Economía Azul de Galicia é un elemento imprescindible para a nosa planificación estratéxica, tendo en conta as condicións xeográficas da nosa terra e a importancia histórica, económica e sociocultural, do noso mar.



A finalidade da estratexia e dar resposta a retos como o Cambio Climático, a sobreexplotación dos recursos acuáticos e a necesidade de diversificar o tecido produtivo combinando sustentabilidade e crecemento económico. Servirá para proporcionar unha mellor calidade de vida á sociedade galega a través da produción sostible de alimentos, a posta en valor da cultura mariñeira do emprego de calidade e do transporte sostible.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿Cal é o investimento total da Estratexia de Economía Azul de Galicia e en que consisten as actuacións a levar a cabo?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 11:09:50

Patricia García González na data 02/01/2025 11:10:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 11:20:34
Nº Rexistro: 15916
Data envío: 02/01/2025 11:20:34.081

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 11:10:18

María Deza Martínez na data 02/01/2025 11:10:45

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 11:10:48

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 11:18:46

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 11:18:50

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 11:19:14

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 11:19:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B6P5JTBQF6XVW209A66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O ente público Portos de Galicia dotado de personalidade xurídica e patrimonio propio, ten encomendadas as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e avance dos 122 portos dependentes da Xunta de Galicia.

De acordo co disposto no devandito proxecto e co obxectivo de mellorar de forma adecuada e continua as infraestruturas portuarias, xurde a necesidade de dotar ao porto de Portosín dunhas instalacións de amarre adecuadas para a frota pesqueira e abrigadas das ondaxes predominantes.

Na actualidade son un total de 28 os barcos de cerco que utilizan este porto base. Sen embargo, na época de actividade alta do cerco (entre os meses de agosto a outubro) pode chegar a haber entre 35-40 embarcacións pescando xarda.

Entre eles hai barcos vascos e cántabros, cuxa eslora media é de 33 a 35 metros, un pouco maior a dos buques que teñen en Portosín o seu porto base. Chegan a poñerse entre 3 e 4 abarloados no peirao.

O obxectivo principal da actuación é conseguir maior espazo de atraque para liberar espazos nos peiraos.

O Consello da Xunta de Galicia analizou o 11 de novembro de 2024 o Acordo polo que se toma razón da licitación das obras de mellora de abrigo e dotación de atracadas no porto de Portosín.

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, iniciou nesa data o procedemento de licitación pública das obras de mellora do abrigo e ampliación de atracadas no peirao de Portosín, no municipio coruñés de Porto do Son.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿Cal é o investimento total das obras de mellora no porto do Portosín e en que consisten as actuacións a levar a cabo?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 11:21:36

Patricia García González na data 02/01/2025 11:21:55

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 11:30:49

María Deza Martínez na data 02/01/2025 11:31:34

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 11:31:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 11:32:11

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 11:32:18

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 11:32:40

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 11:32:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

No Diario oficial de Galicia (DOG) do pasado 3 de xaneiro de 2025 publicouse a Orde do 11 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2025 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipada de gasto (código de procedemento PE209B).

Durante o proceso de tramitación desta Orde, o Consello da Xunta deu conta o día 18 de novembro de 2024 do Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2025 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables.

As subvencións son destinadas a promover a elaboración e o desenvolvemento de proxectos que teñan por finalidade recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños, incluídas as actividades destinadas á redución da contaminación física e química.

Trátase, en definitiva, de protexer e conservar a flora e a fauna, e as actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies invasoras que poñen en perigo a conservación destes ecosistemas e afectan a reprodución dos organismos mariños.



Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿A canto ascende a cantidade disposta en axudas de restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 11:34:45

Patricia García González na data 02/01/2025 11:35:20

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 11:35:23

María Deza Martínez na data 02/01/2025 11:36:08

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 11:36:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 11:37:59
Nº Rexistro: 15921
Data envío: 02/01/2025 11:37:59.041

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 11:36:39

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 11:36:41

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 11:37:05

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 11:37:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: B0P5TRB0G0G0xj2g0g6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), no marco das funcións que ten encomendadas, realiza unha investigación orientada e aplicada, cuxa finalidade é lograr a xestión racional e eficaz dos recursos mariños renovables, no ámbito xeográfico e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Configúrase como un organismo público de investigación galego cuxa misión principal é realizar actividade investigadora relacionada co medio mariño e os recursos mariños vivos que nel habitan, nos ámbitos da pesca, do marisqueo e da acuicultura; encamiñada a conseguir unha xestión racional dos recursos mariños vivos e a permanencia dos ecosistemas mariños de Galicia

O Consello da Xunta deu conta o día 25 de novembro de 2024 da actividade investigadora do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar, correspondente ao período 2024-2027.

A aposta pola investigación en moluscos bivalvos e a acuicultura en Galicia vese plasmada nos diversos proxectos que está a desenvolver o CIMA, estendéndose a súa duración nalgúns deles ata 2027

A Consellería do Mar destina determinados recursos no seu orzamento de 2025 para as devanditas accións de investigación, así como ten comprometido o gasto en futuras anualidades co fin de fomentar a investigación e especialización en materia acuícola para mellorar a competitividade da actividade pesqueira e marisqueira.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿A canto ascende a financiación da actividade investigadora do CIMA, cales son as accións que se contemplan e, que especies están en estudo?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 11:44:39

Patricia García González na data 02/01/2025 11:45:06

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 11:45:10

María Deza Martínez na data 02/01/2025 11:45:33

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 11:45:37

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 11:46:16

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 11:46:19

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 11:46:43

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 11:46:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta do día 3 de xuño de 2024 analizou o Informe sobre a orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e se convocan para o ano 2024. Esta convocatoria extraordinaria do Executivo galego publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 18 de xuño permitiu que as empresas beneficiarias contaran con apoio para fomentar a calidade e valor engadido dos produtos, a mellora da eficiencia enerxética ou a economía circular.

O novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) financia proxectos de aplicación da nova reforma da Política Pesqueira Común e presta apoio financeiro a pescadores, acuicultores e poboacións costeiras para a súa adaptación ás novas normas.

Estas axudas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), forma parte dos apoios que a Xunta de Galicia mobiliza neste ano 2024.

O Consello da Xunta do día 25 de novembro de 2024 analizou o Acordo polo que se toma razón da resolución das axudas para investimentos en PEMES de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura convocadas por Orde do 6 de xuño de 2024.

As actuacións previstas teñen que ver coa mellora da eficiencia enerxética, a redución do impacto no ambiente, a innovación e a mellora das condicións de traballo e seguridade nas súas instalacións, entre outras cuestións.

O obxectivo desta liña de axudas é que o sector transformador de produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o seu impacto no ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e a mellorar os seus resultados económicos



Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿Cal é a suma total destinada para estas axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o número de beneficiarios?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 11:51:56

Patricia García González na data 02/01/2025 11:52:03

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 11:52:24

María Deza Martínez na data 02/01/2025 11:52:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 11:53:09

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 11:53:22

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 11:53:42

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 11:54:03

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 11:54:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal







PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 12:05:38
Nº Rexistro: 15927
Data envío: 02/01/2025 12:05:38,254

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 12:02:56

María Deza Martínez na data 02/01/2025 12:03:12

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 12:03:44

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 12:03:47

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 12:04:14

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 12:04:20

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 12:04:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: B0P1S1R0G1R01P1E1X10-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta aprobaba o 24 de xuño de 2024 unha nova convocatoria de axudas para fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade do sector acuícola que están cofinanciadas nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

O día 8 de xullo de 2024 saía publicada no DOG a Orde do 25 de xuño de 2024 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade no sector da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Deste xeito reforzase a financiación de proxectos que permitan desenvolver coñecementos científicos, técnicos ou organizativos nas explotacións acuícolas que reduzan o impacto no medio ambiente, avalíen os efectos e a adaptación ao cambio climático e melloren o aproveitamento do espazo.

A orde tiña carácter plurianual polas características de algúns dos proxectos que son subvencionables e que precisan máis dun ano para a súa completa execución.

O Consello da Xunta daba conta o 2 de decembro de 2024 do informe da resolución das axudas para fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade no sector da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), correspondentes ao ano 2024.

Deste xeito a Xunta apoia proxectos para implantar actuacións orientadas a mellorar a sanidade e o benestar dos animais, á optimización da alimentación e a nutrición, e desenvolver ou introducir no mercado de novas especies acuícolas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é a suma total destinada para estas axudas dirixidas a fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade do sector acuícola?





2. ¿Cantos proxectos foron financiados con estas axudas?
3. ¿En que consisten os proxectos financiados con estas axudas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 12:09:06

Patricia García González na data 02/01/2025 12:09:56

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 12:09:59

María Deza Martínez na data 02/01/2025 12:10:22

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 12:10:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 12:12:49
Nº Rexistro: 15929
Data envío: 02/01/2025 12:12:49.679

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 12:11:02

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 12:11:07

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 12:11:22

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 12:12:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PSTB0220X012Z46-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

Entre as funcións asignadas á entidade pública empresarial Portos de Galicia en virtude da normativa da súa creación, figura o proxecto, construción, mellora e ordenación das obras e instalacións no ámbito portuario da súa competencia, neste caso 122 portos do total.

De acordo co disposto no devandito proxecto e co obxectivo de mellorar de forma adecuada e continua as infraestruturas portuarias, xurde a necesidade de realizar novas capas de pavimentos e a reposición de firmes esgotados en viais e explanadas de diversas instalacións portuarias.

O Consello da Xunta deu conta o 2 de decembro de 2024 do acordo polo que se toma razón do Plan de reposición e reforzo de pavimentos esgotados en diversos portos. Esta actuación permitirá corrixir o mal estado de conservación en que atopaban estes pavimentos.

Os traballos que desenvolverá Portos de Galicia consistirán na dotación e a reparación de firmes das vías, o saneamento de explanadas, a posta en cota dos pozos, sumidoiros e arquetas existentes e renovación da sinalización horizontal.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿A canto ascende a contía total da inversión prevista no plan de reposición e reforzo de pavimentos en diversos portos e cales son as accións e melloras que se acometerán?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 12:19:39

Patricia García González na data 02/01/2025 12:19:45

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 12:22:37

María Deza Martínez na data 02/01/2025 12:22:55

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 12:24:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 12:25:08

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 12:25:21

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 12:25:56

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 12:25:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: B0P1S1R0D0T0X1P02RA0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

Desde fai uns anos a presenza dun alga invasora implacable ameaza a biodiversidade, a pesca e o turismo nas zonas mariñas. Chámase 'Rugulopteryx okamurae', procede de Asia, e a súa retirada das praias comeza a ser un gasto extra difícil de asumir para os concellos.

O día 9 de decembro de 2024 aprobábase no Consello de a Xunta de Galicia o ACORDO polo que se autorizaba a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto Novas ferramentas para detectar a alga invasora *Rugulopteryx okamurae* mediante ADN ambiental (Algasdet) para o período 2025-2027.

O obxectivo é tamén fomentar a concienciación no sector pesqueiro sobre este problema co fin de tentar que a especie non se expanda pola costa da comunidade autónoma a curto prazo polo descoñecemento dos riscos inherentes ás actividades pesqueiras.

Este novo proxecto de investigación impulsado polo Goberno galego esta enmarcado na rede de colaboración entre o sector pesqueiro e os organismos científicos autonómicos (Redemar), creada en 2022, en que a Universidade de Santiago de Compostela actúa como socio líder e conta coa colaboración da Universidade da Coruña, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, a Confraría de Pescadores da Coruña, a Confraría de Pescadores San Xosé de Cangas, e a Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿A canto ascende a contía total do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto Novas ferramentas para detectar a alga invasora *Rugulopteryx okamurae* e cales son as accións que se van a acometer con esta sinatura?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 12:36:18
Nº Rexistro: 15936
Data envío: 02/01/2025 12:36:18.251

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 12:32:22

Patricia García González na data 02/01/2025 12:32:38

Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 12:33:07

María Deza Martínez na data 02/01/2025 12:33:09

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 12:33:34

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 12:33:37

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 12:34:31

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 12:34:40

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 12:35:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PISJTB0340X1s02Rk606
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Brais Ruanova Vilas-Boas, Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a solicitude de informe ao Consello Xeral do Poder Xudicial sobre o establecemento dun sistema de garda de 24 horas nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A organización do sistema de garda dos xulgados de instrución dos diferentes partidos xudiciais do estado está regulado no Acordo de 15 de setembro de 2005, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se aproba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais.

No Regulamento establécese un sistema de funcionamento do servizo de garda dos xulgados de instrución en función do número de xulgados cos que conte cada partido, tomando como referencia contar con 45, 13, 10, 8 ou máis xulgados de instrución, ou un número menor, ou que as unidades coas que conte o partido sexan de carácter mixto.

O art. 59 do devandito Regulamento establece que para a garda ordinaria os partidos xudiciais que contén con 8 ou máis xulgados de instrución e menos de 10, contarán cun xulgado de garda cada semana, sendo o seu horario en xornada partida de 9 a 14 horas e de 17 a 20 de luns a sábado, e de 10 a 14 os domingos e festivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A propia normativa establece a posibilidade de que o sistema xenericamente asignado poda ser modificado por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial previo informe do Ministerio de Xustiza e da Comunidade Autónoma con competencias transferidas, podendo pasarse nos partidos que contén cun mínimo de 8 xulgados de instrución a un servizo de garda de 24 horas e de rotación diaria.

Actualmente os partidos xudiciais de Vigo e A Coruña son os únicos de todo o Estado que, contando con máis de 8 xulgados de instrución, non contan cun sistema de garda de 24 horas os 7 días da semanas, rotándose diariamente o xulgado que asume as funcións de garda.

Dende hai anos as Xuntas de Xuíces/zas de instrución dos partidos de Vigo e A Coruña, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a práctica totalidade dos operadores xurídicos, organizacións sociais e sindicais e os Plenos dos Concellos de Vigo e A Coruña veñen demandado a mellora da prestación do funcionamento da Administración de Xustiza nestes partidos e, entre outras medidas, modificar o sistema de gardas equiparándoo ao de partidos xudiciais análogos. Unicamente é a radical e contumaz oposición do Partido Popular a que está impedindo que os partidos de Vigo e A Coruña contén cunha organización do sistema de garda que melloraría á atención á cidadanía e axilizaría a resposta xudicial e a tramitación dos procedementos que se substancian nestes órganos.

Distintas iniciativas formuladas polo BNG conseguiron que o Ministerio de Xustiza se comprometera a asumir o incremento orzamentar que a implantación de tal sistema puidera implicar no ámbito das súas competencias e responsabilidades actuais, polo que unicamente seguen a ser os impedimentos da Xunta de Galiza o que impiden a mellora do servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais debido a evidente mellora que implicaría no funcionamento da Administración de Xustiza e a fin de comprobar se os cambios normativos recentemente aprobados ou a evolución da actividade nestes partidos xudiciais alteraron a procedencia da medida que se solicita; formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera o Goberno Galego que o establecemento do sistema de garda de 24 horas e rotación diaria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña melloraría o funcionamento da Administración de Xustiza e do servizo e atención que recibe á cidadanía?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Brais Ruanova Vilas-Boas

Mercedes Queixas Zas

Iria Taibo Corsanego

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/01/2025 12:41:04

Alexandra Fernández Gómez na data 02/01/2025 12:41:08

Carmela González Iglesias na data 02/01/2025 12:42:32

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/01/2025 12:43:42

Mercedes Queixas Zas na data 02/01/2025 12:43:50

Iria Taibo Corsanego na data 02/01/2025 12:44:03



Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, María Dolores Hermelo Piñeiro, Pablo Javier Prieto Perille, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta deu conta o 9 de decembro de 2024 do informe en que se recollen as obras de reforma integral da Xefatura Comarcal da Consellería do Mar de Ribeira.

A actuación, sufragada pola Xunta, permitiu corrixir o deficiente estado de conservación no que se atopaba un inmovble que leva tres décadas en activo e no que nunca se interveu.

Esta actuación permitiu corrixir o mal estado de conservación en que atopaban estas instalacións, que tamén albergan a base da unidade operativa do Servizo de Gardacostas nesa localidade.

Acometéronse obras de mellora da eficiencia enerxética, accesibilidade, de corrección de deficiencias e outras melloras. Os traballos eliminaron as barreiras arquitectónicas e melloraron a eficiencia enerxética de todo o conxunto.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿A canto ascende a contía total da inversión para a reforma integral das instalacións da Consellería do Mar en Ribeira e cales son as accións e melloras que se acometeron?.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 12:40:45

Patricia García González na data 02/01/2025 12:41:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Paula Mouzo Mas na data 02/01/2025 12:42:10

María Deza Martínez na data 02/01/2025 12:42:15

Jesús María Fernández Rosende na data 02/01/2025 12:45:46

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/01/2025 12:51:54

Pablo Prieto Perille na data 02/01/2025 12:52:08

Raúl Santamaría González na data 02/01/2025 12:52:17

Manuel Santos Costa na data 02/01/2025 12:52:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O pasado decembro, organizado por CONFAPA Galicia, realizouse un coloquio-debate sobre acoso escolar, co obxectivo de visibilizar a terrible problemática do acoso escolar que acontece de soterrada no contexto das nosas aulas, contando cunha participación moi activa do alumnado.

Saíron a relucir algunhas cuestións nas que a Administración educativa debería reflexionar. Unha das máis relevantes foi a inadecuación dos protocolos de acoso á realidade dun alumnado con diferentes niveis de madurez e de capacidade para a xestión dunha incidencia de acoso escolar.

En moitas ocasións a perspectiva das persoas adultas respecto ao acoso impide a comprensión da percepción real das persoas implicadas nun caso de acoso escolar, en calquera dos roles posibles. Cousas tan básicas como que o funcionamento dos puntos laranxas, a estrutura e organización das charlas sobre acoso, a resolución de conflitos que iguala ao acosador co acosado, a problemática das distintas formas de acoso nos centros ou a actuación dos claustros na posta en marcha dos protocolos, foron postas de releve ao longo do debate.

A principal conclusión á que se chegou por parte das asociacións de Pais e Nais, representadas por CONFAPA Galicia, foi a necesidade de establecer o acoso escolar como un dos problema do sistema educativo, e establecer as estratexias, protocolos e procedementos reais e efectivos para loitar contra el.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:01:52
Nº Rexistro: 15948
Data envío: 02/01/2025 13:01:52.526

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que avaliación fai a Consellería da aplicación do protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar?
2. Ten a Consellería constancia do número de veces que se activou o protocolo? Cales foron as resolucións nos casos de activación?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:51:07

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:51:15





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O pasado 11 de decembro a Consellería informou no Consello Galego de Universidades (CGU) do informe previo favorable da Secretaría de Universidades para a autorización do seu envío a verificación á ACSUG do grao de Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa (UIE), para autorizar a súa implantación, unha vez sometido ao proceso de verificación, o próximo curso académico 2025-2026 e incorporación á oferta académica da Facultade de Administración de Empresas e Dereito da UIE, xunto co grao en Administración e Dirección de Empresas e o grao en Negocios Dixitais.

UIE imparte actualmente outro cinco graos, simultaneamente nos seus campus da Coruña e Vigo: entre os que se atopan Enxeñaría en Sistemas Intelixentes (unha especialidade de Enxeñaría Informática), Administración e Dirección de Empresas e Psicoloxía, que xa se imparten en todas, ou algunha como Psicoloxía, universidades públicas do SUG.

A estas titulacións únese agora Dereito que xa se imparte nas tres universidades públicas de Galicia e en 4 dos sete campus públicos da nosa comunidade.

Está claro que para a autorización das titulacións desta universidade privada non se seguen os mesmos criterios de complementariedade, titulacións non existentes e non duplicación que se esixen ás propostas de titulacións das universidades públicas, tendo en conta que o informe previo de envío a





verificación é potestade exclusiva da Consellería, que unicamente informa ao CGU do resultado. Esta situación é máis contraditoria cando ás universidades públicas non se lles autoriza incorporar estas titulacións e mesmo se lles impide incrementar as prazas nas titulacións de alta demanda xa implantadas que non cobren as necesidades da sociedade. Como denunciaron as universidades públicas no momento da autorización da universidade privada non se están utilizando os mesmos criterios de xestión e de calidade dentro do SUG o que dificulta o funcionamento e sustentabilidade do noso sistema público favorecendo á universidade privada.

O diferente trato do sistema universitario público e privado do SUG por parte da Consellería queda patente cando vemos que a UIE xa ten na súa páxina web o plan de estudos e xa se pode iniciar o proceso de inscrición cando aínda non está realizada a verificación, cuestión que non poden realizar as universidades públicas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os criterios que avalaron o informe favorable a autorización de envío a verificación do grao de Dereito da UIE?
2. Que necesidade ou demanda social de Galicia cobren os novos titulados de Dereito da UIE que non estaban cubertos polas universidades públicas? Por que razón?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:03:04
Nº Rexistro: 15954
Data envío: 02/01/2025 13:03:04.886

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:53:47

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:53:57

CSV: B6P5TRB9C68U2887A96
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56641

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

No comezo do curso a situación do CEIP de Cernadas de Castro de Lousame, o único centro de primaria e ESO do concello, era altamente preocupante pola supresión de unha praza de especialista de Audición e Linguaxe e de un coidador dos dous asinados no curso 2023/2024.

Esta situación corrixiuse en parte pola incorporación aos centro do especialista en AL, pero non do coidador.

Neste CEIP de Cernadas de Castro están actualmente escolarizados 3 rapaces, un cunha enfermidade rara e dous con síndrome autista, cun alto grao de dependencia.

O curso pasado o centro dispoñía de dúas persoas coidadoras para os tres rapaces e neste curso solo hai un.

Está claro que un único coidador é totalmente insuficiente xa que os tres rapaces están escolarizados en distintos cursos e non coinciden nin na aula nin nos horarios escolares, o que supón unha deficiente asistencia aos rapaces e unha sobrecarga de traballo mais alá do esixible do único coidador/a.

Este problema non é un caso puntual e que xa máis centros fixeron as súas queixas e varias asociacións de nais e pais veñen queixándose da precariedade de recursos asinados, e incluso suprimidos, cara este alumnado





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:04:04
Nº Rexistro: 15959
Data envío: 02/01/2025 13:04:04.230

con NEAE tanto de especialistas (PT e AL) como de coidadores. Aínda máis dolorosa esta situación cando a Consellería publicita día tras día que o noso é un sistema educativo que ten unha maior taxa de nenos con necesidades especiais escolarizados do estado español o que require, polo tanto, un maior esforzo, mais alá das ratios, por parte de administración educativa para que a escolarización destes nenos se realice en condicións adecuadas de cada caso e non sexa mais que un slogan.

Por iso, o centro CEIP de Cernadas de Castro de Lousame precisa doutro coidador/a co fin de proporcionar unha atención de calidade ao alumnado do centro con alto nivel de dependencia.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a asignar ao CEIP de Cernadas de Castro de Lousame dun novo coidador/a, dado que este persoal é esencial para atender as necesidades educativas do alumnado matriculado no centro e para cumprir cos estándares de educación inclusiva e equidade?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:55:57

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2025 12:56:05

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56643

@PSdeG



CSV: B6P1S1R9C0C00542ZQa76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A novas publicadas recentemente son contundentes: a produción do ano 2024 na Ria de Arousa non chega a metade da produción do ano 2023 ou como titulaba un medio de comunicación en setembro do 2023 “La crisis del marisqueo hunde la facturación de las lonjas de Vilanova y Rianxo en más del 90 %.”

Esta crise pásalle factura sobre todo aos traballadores e traballadoras do marisqueo libre, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro do 2024 facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano 2024 é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Ante todo este panorama a Consellería do Mar xa non nega a realidade: recoñece, por fin, que o cambio climático, as condicións ambientais e a contaminación están afectando a esta produtividade pero que escóndese tras xustificacións de estudos científicos, busca culpables noutras administracións e tras plans de competitividade e sustentabilidade do sector marisqueo que solo se coñece por notas na prensa.

As medidas e axudas que se anuncian non se plasman en convocatorias aos mariscadores e mariscadoras e cando se fan a carga burocrática é a tramitación fai que non chegar ou tardan en chegar aos afectados, por exemplo as axudas de 550 euros polos peches de 2023, aceleráronse por razóns





electorais do PP e cando estaban previstas para mais de 7000 beneficiarios escasamente chegaron a 4000, quedando sen abonar aproximadamente 2 M€ dos 4,5 inicialmente asignados.

Neste momento as axudas como consecuencias dos peches dos bancos do ano 2024 aínda non se sabe si serán tramitadas nin cando. No mes de novembro en Comisión parlamentaria aprobouse, por unanimidade, unha proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que instaba a Xunta de Galicia a poñer en marcha de modo inmediata a creación dun fondo para ás axudas ás persoas traballadoras do mar afectados polos períodos de paralización da actividade, consensuadas entre a Xunta de Galicia e as confrarías, como consecuencia da baixa produtividade dos bancos marisqueiros.

Polo tanto, é urxente que a Consellería cree o fondo e poña en marcha a convocatoria que compense as perdas económicas debido aos peches dos bancos marisqueiros do ano 2024, estas axudas serán financiadas polo FEMPA, axilizando así a execución dos fondos europeos para evitar, como sucedeu na anterior período a non execución dos mesmos.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que nivel de coordinación e diálogo mantén a Consellería co sector marisqueiro extractivo para a posta en marcha das axudas necesarias para aos mariscadores/as afectados pola baixa produtividade das nosas rías?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:05:19
Nº Rexistro: 15965
Data envío: 02/01/2025 13:05:19.621

2. Que valoración fai a Consellería do desenvolvemento das axudas directas ao sector do marisqueo e do seu impacto na sustentabilidade do mesmo, sobre todo no número de postos de traballo?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 02/01/2025 12:58:33

Carlos López Font na data 02/01/2025 12:58:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a execución orzamentaria do IGVS no ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza comprometeu un investimento de 140.700.307€ por parte do IGVS para o ano 2023. Logo das modificación de crédito o investimento previsto era de 227 M€. Porén as obrigas recoñecidas ao peche do exercicio orzamentario son de 134M€. É dicir a execución foi dun 59%. Se temos en conta os gastos comprometidos a contía aumenta aos 187M€, pero segue representando apenas un 71,6% dos orzamentos dispoñibles.

Se analizamos o gasto por capítulos vemos como as maiores variacións prodúcense nos capítulos relativos a transferencias correntes, cun 48,7% do crédito vixente executado, no capítulo de investimentos reais, cun 71% executado e no capítulo de transferencias de capital, cun 54,8% executado.

Afondando nos datos vemos como o capítulo de transferencias correntes sofre unha grande variación entre o orzamento executado e o inicialmente previsto. Por exemplo, no programa 451B de Acceso á vivenda existía unha partida relativa ao Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, por 15,6M€, dos cales só se executaron 5,4M€. Porén o programa bono alugueiro mocidade aumentou 9 M€. De forma que aínda que a cifra global de transferencias correntes deste programa sexa parella ao inicialmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

previsto, o certo é que de forma individual houbo modificación substanciais respecto do documento inicial presentado.

Ademais no capítulo relativo a investimentos reais hai que ter en conta que á baixa execución final súmaselle tamén unha importante baixada de crédito vixente respecto do orzamento inicial. En concreto nos orzamentos presentados prevíase 34,9M€ en investimentos reais, que logo foron modificados á baixa en 23,2M€, dos que finalmente foron executados 16,5M€. De aí que neste capítulo sufrisen grandes recortes partidas destinadas a solo residencial, que contaba cun orzamento de 8,9M€ dos que só se executaron 2,9M€, tamén a construción de vivendas VPP, que dos 8M€ iniciais investíronse 2,6M€, ou o programa axuda a rehabilitación residencial e vivenda social (MRR) dos que non se executou nin un euro dos 2,5M€ previstos.

Por outra banda se analizamos a execución por programas do IGVS tamén se observan diferencias notables entre os mesmos que revelan as prioridades do actual executivo. O programa de 451A de Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda dispuña dun crédito vixente de 141,7M€, dos que se executaron 85M€, o que representa un 60,3%. En cuanto ao programa 451B de Acceso á vivenda, contaba cun crédito vixente de 76,2 M€, dos cales se executaron 40,6M€, apenas o 53,3%. Por último, o programa 531A de Promoción de solo para actividades económicas contaba con 9,8M€ de crédito vixente, dos que se executaron 8,3M€, o 84,9%. Por tanto, o programa con menor grao de execución é o relativo ao acceso á vivenda. En liña coa falla de aposta do executivo polas políticas públicas de vivenda.

Ano tras ano as contas do IGVS sofren grandes alteracións sobre as previsións comprometidas. Consolídase, así, unha sistemática no proceder por parte do goberno: escura, sen transparencia e de incumprimento dos seus propios compromisos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto dende o Bloque Nacionalista Galego advertimos da necesidade de avaliar os resultados e execución orzamentaria por parte do IGVS e de mudar este proceder.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a execución orzamentaria de 2023 por parte do IGVS?
- Como valora que o programa de 451A de Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda tivese unha execución do 60,3%?
- Como valora que o programa de 451B de Acceso á vivenda tivese unha execución do 53,3%?
- Como valora que o programa de 531A de Promoción de solo para actividades económicas tivese unha execución do 84,9%?
- Como se explica a execución dun 71% no capítulo de investimentos reais?
- Como se explica a baixa execución dun 48,7% no capítulo de transferencias correntes?
- Por que apenas se executou un 54,8% do capítulo de transferencias de capital?
- Que medidas vai pór en marcha a Xunta de Galiza para corrixir esta situación reiterada?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/01/2025 13:20:46

Luis Bará Torres na data 02/01/2025 13:20:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopan as persoas con discapacidade en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o censo de persoas con discapacidade publicado pola Consellaría de Política Social (datos de 2023) en Galiza hai 343.236 persoas con algún grao recoñecido. Por provincias e tipo de discapacidade a distribución é a seguinte:

PROVINCIA	FISICA	INTELECTUAL	SENSORIAL	E. RARA	E.MENTAL
A Coruña	74400	15388	19508	166	27876
Lugo	16737	4915	5912	64	6529
Ourense	20131	4079	5514	108	7708
Pontevedra	73176	13523	19252	235	28015
<u>Total Galiza</u>	184.444	37.905	50.186	573	70128
Total persoas con discapacidade de Galicia					343.236

Estas cifras, detrás das que hai persoas de carne e óso, con nomes e apelidos e biografías concretas, sitúan o noso País como o territorio con maior porcentaxe de persoas con discapacidade do Estado español.

Neste contexto, tanto as persoas con discapacidade como o tecido asociativo que as representa denuncian desde hai anos as demoras nas valoracións do grao de discapacidade. De feito, a Valedora do Pobo sinala de maneira recorrente nos seus informes anuais que ten constancia mesmo de tempos de agarda de ano e medio (Informe 2022) en valoracións estándares. Estas demoras supoñen a vulneración de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereitos fundamentais para as persoas con discapacidade, como son o dereito ao traballo ou á accesibilidade, pois o acceso aos recursos precisos depende da acreditación da discapacidade e do grao da mesma.

Así mesmo, debemos ter en conta a escaseza de recursos dirixidos á atención das persoas con discapacidade e á promoción da autonomía persoal sendo ademais que a inmensa maioría dos existentes corresponden ao impulso e xestión da iniciativa social.

Así se reflicte na Memoria socioeconómica de Galiza publicada polo CES (2022, último dato dispoñible).

Centros prestadores de servizos sociais 2022 (1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Outra (2)	Pontevedra	TOTAL
Iniciativa privada con ánimo de lucro	178	62	106	-	183	529
Discapacidade		1			3	4
Infancia	76	22	23		68	189
Maiores	102	39	83		111	335
Menores					1	1
Iniciativa pública	233	140	111	5	168	657
Comunidade	21	14	14		22	71
Discapacidade	13	5			5	23
Igualdade				5		5
Inclusión	2	1	1		4	8
Infancia	133	55	46		93	327
Maiores	59	64	45		36	204
Menores	5	1	5		8	19
Iniciativa social	224	88	110	1	182	605
Comunidade	1				2	3
Discapacidade	98	30	32		72	232
Igualdade		2	1	1		4
Inclusión	42	8	14		29	93
Infancia	25	2	3		32	62
Maiores	39	29	49		20	137
Menores	19	17	11		27	74
Total	635	290	327	6	533	1.791

Así mesmo, malia que Galiza conta cunha Lei de accesibilidade desde o ano 2014, dez anos despois da súa aprobación e entrada en vigor está aínda pendente de desenvolver en aspectos importantes como o seu regulamento o que resulta inadmisíble desde calquera punto de vista pois falamos da garantía de dereitos fundamentais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De igual maneira, Galiza carece dunha normativa específica que regule os distintos centros para persoas con discapacidade fixando, por exemplo, rateos de persoal mínimos na atención directa, entre outras cuestións.

Para o Bloque Nacionalista camiñar cara á unha sociedade inclusiva e sen barreiras de ningún tipo esixe dun compromiso firme e decidido por parte de todas as administracións públicas a comezar pola Xunta de Galiza que é quen ten as competencias en materia de dereitos sociais.

Os reiterados incumprimentos normativos e a falta de impulso político que demostra a realidade dos últimos anos fai urxente actuar en materia de discapacidade e converter os dereitos das persoas nesta situación nunha prioridade política pola vía dos feitos, non das palabras.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza os avances en materia de dereitos para as persoas con discapacidade en Galiza na última década?
- Cre o Goberno galego que está a cumprir coas súas obrigas en materia de inclusión e supresión de barreiras?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para avanzar en dereitos das persoas con discapacidade nos próximos anos?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/01/2025 13:26:39

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2025 13:26:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre os contratos da Xunta de Galiza coa mercantil Gallaecia Patentes y Marcas S.L.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes constitúíuse a iniciativa do grupo parlamentar do BNG a comisión de investigación sobre a contratación do executivo galego nos últimos anos, e parte do obxecto da comisión que se vai a estudar refírese aos procedementos de contratación da administración autonómica sen concorrência, negociados sen publicidade e contratación menor entre os anos 2009 e 2024.

Este día pasado, a través dunha publicación xornalística saíu á palestra que a Xunta de Galiza repartiu, en tan só sete anos, a cantidade total de 782.666 euros a través de 272 contratos menores, coa sociedade Gallaecia Patentes e Marcas SL, cuxo administrador é Joaquín Cuíña Barja, o irmán da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta, Beatriz Cuíña Barja, número dous do presidente Alfonso Rueda, e persoa que leva ocupando altos cargos na Administración galega desde o primeiro goberno de Alberto Núñez Feijóo. De feito, o seu irmán leva gañando contratos “a dedo” de até 24 organismos dependentes da Xunta desde 2017, cando Feijóo aínda era presidente.

A maioría dos obxectos destes contratos fan referencia a solicitudes e renovacións de marcas e a súa tramitación na oficina española de marcas e patentes. Entre outras e gran parte dos contratos foron encargados pola Axencia Turismo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galicia, organismo adscrito funcionalmente á Presidencia da Xunta de Galiza e orgánicamente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da que a súa Secretaria Xeral é Beatriz Cuíña, irmá do administrador da empresa agradecida.

O Partido Popular posúe un Código ético e de conducta, no que no capítulo 3.5, que regula as pautas específicas de condutas respecto da contratación con terceiros, establece que “O Partido Popular non contratará a provedores, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que coñecidamente ostenten a condición de funcionario público ou que teñan algún vínculo persoal, familiar e/ou de relación comercial con algún integrante do Partido”.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Era consciente o goberno galego das relacións familiares entre o a empresa Gallaecia Patentes y Marcas S.L e a secretaria Xeral de presidencia, Beatriz Cuíña Barja?

- Considera o goberno galego que deba abstenerse de contratar sen concorrencia competitiva mediante un contrato menor?

-Considera o goberno galego que existiu favoritismo na contratación fraudulenta da Xunta con Gallaecia Patentes e Marcas SL?

-Considera o goberno galego vulnerado o código ético do partido político que representan?

-Que opinión lle merece que nos últimos sete anos a contratación de servizos para a solicitude e tramitación de rexistros de marcas se realizara nun 82% para a empresa Gallaecia Patentes y Marcas S.L, namentres que o 18 % restante fora para contratar con outras cinco mercantís dedicadas a esta actividade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Existe algún informe da intervención da consellería reparando a contratación destes servizos?

- Que medidas vai adoptar o goberno galego cos cargos públicos que vulneraron o código ético do seu partido político?

-Vai o goberno galego a modificar a xestión administrativa cos contratos menores e a utilizar os procedementos de contratación adecuados respectando os principios de liberdade de acceso ás licitacións, de publicidade, de concorrência competitiva, de transparencia no procedemento, de non discriminación e igualdade de trato entre os potenciais candidatos?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 16/10/2024 12:35:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/10/2024 12:39:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o estado da casa natal de Felipe Bello Piñeiro no Seixo, concello de Mugardos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Felipe Bello Piñeiro (O Seixo, Mugardos, 1886-1952) inicia a súa formación na Escola de artes e oficios de Ferrol, para posteriormente asistir á Academia de Bellas Artes de San Fernando en Madrid.

Algúns fitos importantes da súa vida que poderían destacarse son os seguintes: En maio de 1912 foi principal organizador no Centro Galego de Madrid da denominada Iª Exposición de Pintura Regional Gallega; en febreiro de 1922 adheriuse a Irmandade Nazonalista Galega de Risco e en maio de 1932 ao Partido Galeguista; no 1927 funda a "Sociedad de Amigos del Paisaje Gallego"; En 1942 Ingresa na Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario.

Mais por enriba de todo Felipe Bello Piñeiro é recoñecido como un dos iniciadores e máximos representantes da corrente paisaxista da pintura galega así como un grande activista cultural, sobre todo na comarca de Ferrol.

Entre os seus numerosos cadros destacan as paisaxes do seu lugar de nacemento, O Seixo, no Concello de Mugardos, onde viviría a maior parte da súa vida nunha casa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situada no número 123 da avenida do Seixo que tiña un taller anexo hoxe coñecido como Capela da Milagrosa.

Esta edificación, segundo datos do catastro do ano 1879 e hoxe en estado ruinoso, é propiedade do Arcebispado de Santiago, e está catalogada no PXOM do Concello de Mugardos concorrendo nela distintos valores culturais mais aló dos da propia arquitectura, entre os que cabería salientar, na nosa opinión, os murais da autoría do propio Bello Piñeiro que adornan boa parte das estancias interiores da casa, e que veñen de ser revelados para o público en xeral polo historiador e tamén veciño do Seixo, o profesor Bernardo Máiz, que abundando no calamitoso estado do edificio alerta sobre a perda irreparábel que isto significa, produto do incumprimento por parte do arcebispado de manter o edificio, da súa propiedade, en boas condicións, até o punto de dar lugar a apertura dun expediente de execución por parte do Concello de Mugardos para garantir a seguridade dos viandantes, veciños e veciñas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do estado de conservación da casa natal de Bello Piñeiro no Seixo, Mugardos?
2. Estaría disposta a Xunta de Galiza a colaborar co Concello de Mugardos nun proxecto de rehabilitación desta propiedade?
3. Como valora a Xunta de Galiza o incumprimento por parte do arcebispado de Santiago de manter o bo estado de conservación desta propiedade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/01/2025 13:34:43

Ramón Fernández Alfonso na data 02/01/2025 13:34:53

José Manuel Golpe Acuña na data 02/01/2025 13:34:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a pobreza das familias con crianzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe de risco de pobreza e exclusión social do 2023 de Galiza aporta datos que non son positivos, cun crecemento de 50.000 persoas que se atopan nesta situación de precariedade con respecto aos datos anteriores.

Os fogares onde hai presenza de menores superan a media do índice de risco de pobreza e exclusión social en máis de dous puntos porcentuais con respecto ás familias sen crianzas ao seu cargo, chegando ao 27,1% de xeito que se agrava a situación de risco. Segundo os propios informes, a presenza de nenos, nenas e adolescentes é un factor empobrecedor, polo que a atención cara esta parte da poboación debe ser prioritaria por parte do goberno. Esta tendencia dos fogares nos que hai menores repítese cos datos da taxa de privación ou carencia material, social e severa (PMSS), que nestas familias chega ao 10,2%, máis de catro puntos superior que no resto das unidades familiares, dando coma resultado unha media xeral que aumenta segundo os datos de informes anteriores, con cifras de 8,2%.

Deste xeito como chegamos á situación na que os menores de 18 anos son os que máis alto índice de risco ostentan por idades, sen esquecer que a pobreza se perpetúa nunha alta porcentaxe de casos estendéndose dende a infancia e mocidade ata a idade adulta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un dato relevante é que a privación material e social severa máis alta por idades é en nenos, nenas e adolescentes, acadando un 12,4%, que indica a elevada vulnerabilidade desta parte da poboación, onde a media xeral é do 8,2%, cunha subida de dous puntos con respecto ao informe anterior. É evidente que precisamos medidas urxentes e que cheguen á poboación, medidas transversais onde os máis vulnerables sexan o obxectivo, xa que a pobreza aumentaría a máis do dobre (46,6%) sen medidas que traten de paliar, aínda que na actualidade o seu impacto se está vendo reducido.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Que medidas de nova creación se impulsarán dende o goberno da Xunta de Galiza no 2025 para paliar o aumento do risco de pobreza e exclusión social e da PMSS que sofren as familias con menores ao seu cargo?

2. Considera o goberno da Xunta de Galiza que as medidas que se están a tomar na actualidade son suficientes para reverter esta situación que sofren as familias galegas? De ser así, por que cre que aumenta o risco de pobreza e exclusión social e a PMSS nas familias con crianzas ao seu cargo?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/11/2024 12:24:48

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2024 12:24:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a asistencia médica no centro de saúde do concello do Páramo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) no Páramo viven 1.308 persoas. O Centro de Saúde deste concello conta actualmente cos seguintes servizos, de acordo coa información oficial do SERGAS:

- dúas prazas de medicina de familia
- unha praza de enfermaría
- unha praza de persoal administrativo

O servizo de pediatría recíbena no centro de saúde de Sarria, a onde deben desprazarse tamén ás urxencias (PAC) ou no da Pobra de San Xiao, porén neste último só pasa consulta os venres.

Desde hai meses só se atopa cuberta unha das prazas de médico que, alén do máis, está a piques de se xubilar. A outra praza atópase vacante o que deixa o centro de saúde apenas cunha médica boa parte da semana pois o SERGAS non garante a cobertura desoutra praza a maioría dos días.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A veciñanza do Páramo vén amosando unha importante preocupación pola mingua do servizo sanitario ao non contar coas dúas prazas de médica/o cubertas mais tamén polo futuro do propio centro de saúde toda vez que a única médica titular que continúa prestando asistencia sanitaria de maneira estábel prevé xubilarse a máis tardar o próximo ano.

Desde o Bloque Nacionalista Galego compartimos a preocupación veciñal pois situacións semellantes vividas noutros concellos rurais demostran que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza non dubida en deixar baleiras e mesmo recortar prazas de médicas e médicos especialmente en localidades pequenas obrigando a poboación a desprazarse a outras vilas para recibir asistencia sanitaria.

Para o BNG é fundamental que servizos públicos esenciais como a sanidade e a educación se manteñan coa máxima calidade en todo o País pero máis aínda nos concellos rurais pois o peche ou mingua destes non fai máis que afondar no despoboamento. Non pode pregoarse o compromiso co rural e logo converter a vida das persoas que viven nel nunha carreira de obstáculos á hora de recibir prestacións básicas, como a sanitaria.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai cubrir de maneira estábel a Xunta de Galiza a praza que actualmente está vacante do centro de saúde do Páramo?
- Que previsións ten a Consellaría de Sanidade sobre o futuro da outra praza tendo en conta a proximidade da xubilación da persoa titular?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai manter o SERGAS as dúas prazas de persoal facultativo no centro de saúde do Páramo?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2024 12:29:41

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/11/2024 12:29:49

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2024 12:30:05



Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereja Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Coa decisión definitiva en 2019 de proceder ao peche das centrais térmicas de carbón ou termonucleares, estableceuse, a través do Real Decreto-lei 17/2019, do 22 de novembro, unha disposición incluída na Lei do sector eléctrico na que se dispuña que se podería aprobar unha orde para a concesión da totalidade ou parte da capacidade de acceso nos nós da rede afectados polos peches das centrais.

É dicir, aínda que xa con carácter xeral a capacidade de evacuación de enerxía ou capacidade de acceso nos nós xa sae a concurso, no caso de nós afectados polo peche de centrais térmicas podería establecerse un procedemento especial para outorgar os permisos de acceso e conexión que se liberarían como consecuencia destes peches.

Estamos a falar dos coñecidos como concursos de transición xusta, respecto dos cales a competencia para convocalos correspóndelle ao Instituto de Transición Xusta, organismo autónomo adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

No caso de Galicia é ben coñecido que tiñamos dúas grandes centrais térmicas:

- A central de Meirama, en Cerceda, cunha potencia neta aproximada de 557 MW. A esta central estaba asociado o nó de Meirama 220 kV.
- E a central das Pontes, nas Pontes de García Rodríguez, cunha potencia aproximada de 1.400 MW. A esta central estaba asociado o nó das Pontes de García Rodríguez 400 kV.

En relación co concurso do nó de Meirama 220 kV, mecanismo fundamental para favorecer o proceso de transición necesario nas comarcas, entre o 2 e o 22 de febreiro de 2024 someteuse a consulta pública previa a elaboración das bases do concurso.





Posteriormente, procedeuse á fase de información pública, entre o 15 de xullo e o 5 de agosto de 2024.

Finalmente, o 26 de decembro de 2024, publicouse no Boletín Oficial do Estado a Orde TED/1469/2024, do 19 de decembro, pola que se regula o procedemento e os requisitos aplicables ao concurso público para a concesión de capacidade de acceso de evacuación á rede de enerxía eléctrica de instalacións de xeración de electricidade de procedencia renovable no nó de transición xusta Meirama 220 kV e se procede á súa convocatoria.

Pero a realidade é que, tralo peche das centrais térmicas en 2019, o 31 de xullo de 2020 resolveuse a autorización de peche da central de Meirama, en decembro de 2022 tirouse a torre de refrixeración, o 1 de marzo de 2023 tirouse a cheminea e a data de decembro de 2024 rematouse o desmantelamento da central.

É dicir, o desmantelamento da central xa está finalizado, cando a orde do concurso de transición xusta establece que o prazo para presentar solicitudes será de 2 meses e comezará o vindeiro 1 de febreiro de 2025.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego do proceso de peche da central térmica de Meirama?
2. Como valora o concurso de transición xusta no nó de Meirama 220 kV?
3. Que espera do proceso no outro nó de transición xusta?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2025 13:59:14
Nº Rexistro: 15985
Data envío: 02/01/2025 13:59:14.470

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/01/2025 13:55:52

Cristina Sanz Arias na data 02/01/2025 13:56:12

María Deza Martínez na data 02/01/2025 13:56:46

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/01/2025 13:56:49

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 13:57:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/01/2025 13:57:29

Ángel Rodríguez Conde na data 02/01/2025 13:57:40

Borja Vereza Fraiz na data 02/01/2025 13:58:09

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 02/01/2025 13:58:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P5TRB0G0X0yft2690-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereá Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Nun momento de transición enerxética como o actual resulta fundamental proceder á descarbonización dos principais sectores da nosa economía. Nese sentido, a construción, a industria, o sector enerxético ou o transporte son ámbitos onde historicamente foi habitual o uso de combustibles fósiles.

Por ese motivo, o proceso de transición ten que abordar a substitución destes por outras alternativas máis racionais, coa fabricación de materiais de construción e procesos de produción eficiente, a instalación de proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovables ou o emprego de vehículos máis eficientes e menos contaminantes.

Precisamente, un dos sete eixos fundamentais que configuran a Axenda Enerxética de Galicia 2030, que é a folla de roteiro que marca os obxectivos intermedios que debemos conseguir para alcanzar o obxectivo último de neutralidade climática no ano 2050, é o da mobilidade sostible, con accións como: o fomento do uso de fontes de enerxía renovable no transporte, a renovación do propio parque móbil da administración, o fomento do vehículo eléctrico ou a promoción da mobilidade eficiente e sostible.

Todas en liña co establecido polo Consello Europeo: descarbonizar o sector do transporte, como obxectivo fundamental para alcanzar os obxectivos climáticos da Unión Europea.

De feito, segundo esta institución, o transporte por carreteira supón a porcentaxe máis alta de emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes do transporte, representando os turismos por si sos o 12% de todas as emisións de CO2 da Unión Europea.

De feito, en marzo de 2023, mediante unha revisión do Regulamento da UE, o Consello adoptou novas normas para seguir reducindo as emisións de dióxido de carbono dos turismos e furgonetas novos.





Así, de 2030 a 2034, as emisións terán que reducirse nun 55% no caso dos turismos novos e nun 50% no das furgonetas novas con respecto aos obxectivos de 2021. E a partir de 2035, todos os turismos e furgonetas terán que ser vehículos de cero emisións.

Con este fin, cómpre destacar que, en España, no marco dos fondos Next Generation e en liña cos obxectivos de descarbonización do sector transporte dispostos pola Unión Europea, puxéronse en marcha diferentes edicións do programa Moves, a última a terceira. Ademais, nunha clara falta de planificación, o programa Moves III xa se prorrogou en dúas ocasións: a primeira delas, a mediados do mes de novembro de 2023 e a segunda, o pasado 24 de decembro de 2024, a unha semana do vencemento do prazo previsto trala primeira prórroga.

Sen embargo, segundo trasladan usuarios do Programa Moves III, deseñado polo Goberno central, este está presentar unha excesiva burocracia.

Por ese motivo, en Galicia, co obxectivo de dar difusión e poñer en valor os principais instrumentos dos que dispón o consumidor para seleccionar un vehículo eficiente enerxeticamente e respectuoso co ambiente, singularmente discriminando os vehículos en función do seu nivel de emisións de CO₂ á atmosfera, artellouse o Plan Renova o teu vehículo.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que opinión lle merece ao Goberno galego o proceso de transición enerxética en relación co sector do transporte?
2. Que balance fai do Programa Moves III?
3. Que balance fai do Plan Renova o teu vehículo?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/01/2025 14:03:58

Cristina Sanz Arias na data 02/01/2025 14:04:29

María Deza Martínez na data 02/01/2025 14:04:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 15989
Data envío: 02/01/2025 14:09:51.646

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/01/2025 14:04:58

María Felisa Rodríguez Carrera na data 02/01/2025 14:05:15

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/01/2025 14:05:48

Ángel Rodríguez Conde na data 02/01/2025 14:05:54

Borja Vereza Fraiz na data 02/01/2025 14:08:21

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 02/01/2025 14:08:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PIS7R0C0081412R4K66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Tanto o Parlamento de Galicia como o Goberno galego veñen reclamando con insistencia -de xeito directo e contundente- a necesidade de que a oferta de servizos ferroviarios na nosa Comunidade responda á demanda dos galegos e garanta o seu dereito á mobilidade en alta velocidade pero tamén nas liñas convencionais.

Con este obxecto solicitamos ao Goberno de España, en repetidas ocasións e a través de diversos acordos, o restablecemento dos servizos eliminados ao amparo da pandemia, ampliar a oferta de prazas e de persoal, que se acometan a mellora das infraestruturas -modernizando as instalacións e os trens- así como impulsar a intermodalidade.

Alberto Pazos Couñago na data 03/01/2025 11:17:12

Paula Prado del Rio na data 03/01/2025 11:17:15

Pablo Prieto Perille na data 03/01/2025 11:17:36

María Felisa Rodriguez Carrera na data 03/01/2025 11:17:39

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/01/2025 11:18:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a adxudicación de novas vivendas de promoción públicas durante os anos 2022 e 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de maio, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha pregunta con resposta Escrita, número 2893, sobre “o balance dos actuais programas e políticas públicas en materia de vivenda”, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024). Nesa pregunta alertábamnos da opacidade que mantiña o goberno ao respecto da súa “Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida”, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2023.

Esa estratexia propuña incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.

Toda vez que as primeiras anualidades desta estratexia xa concluíron, dende o grupo solicitábamnos información específica e concreta que non foi adecuadamente respondida. En concreto, ente outras, formulábamnos a seguintes pregunta:

- *Cantas vivendas de promoción pública foron entregadas en 1º adxudicación dende o 2023?*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén a resposta recibida, con número de rexistro 6130, non aporta ningún dato ao respecto e nin tan sequera fai mención á adxudicación de vivendas de promoción pública. Este escrito demostra unha vez máis a vocación do goberno da Xunta por manipular e ocultar os datos reais sobre a creación e adxudicación de vivenda pública no noso país. Por tanto volvemos preguntar, recordando ao goberno que está obrigado a facilitar a información solicitada polas deputadas. Neste caso os datos concretos e reais sobre o número de vivendas de promoción públicas novas impulsadas polo IGVS que foron entregadas en 1º adxudicación durante os anos 2022 e 2023.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas vivendas de promoción públicas impulsadas polo IGVS foron entregadas en 1º adxudicación durante o ano 2023?
- Cantas vivendas de promoción públicas impulsadas polo IGVS foron entregadas en 1º adxudicación durante o ano 2022?
- En que anualidades se licitaron os contratos para a redacción de proxecto das vivendas entregadas en 1º adxudicación durante os anos 2022 e 2023?
- Cales foron as vivendas de promoción pública entregadas en 1º adxudicación durante os anos 2022 e 2023?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luís Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 03/01/2025 11:20:15

Alexandra Fernández Gómez na data 03/01/2025 11:20:24



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Pablo Javier Prieto Perille, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Xunta de Galicia, ademais de financiar e poñer en marcha no tempo máis breve posible todas as unidades xudiciais que o Consello Xeral do Poder Xudicial concede á nosa comunidade, tamén acomete obras de mellora e mantemento das dependencias xudiciais que están en funcionamento.

É o caso, por exemplo, dos xulgados de Vigo nos que que, entre outras actuacións, está prevista a habilitación dunha sala de vodas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que actuacións de mellora nas dependencias xudiciais está a acometer ou ten planificadas o Goberno galego neste momento?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 03/01/2025 11:25:17

Julio García Comesaña na data 03/01/2025 11:26:12

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/01/2025 11:26:19

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/01/2025 11:27:10

Paula Mouzo Mas na data 03/01/2025 11:27:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Alberto Pazos Couñago na data 03/01/2025 11:27:45

Pablo Prieto Perille na data 03/01/2025 11:27:48

María Felisa Rodriguez Carrera na data 03/01/2025 11:28:24

Katherinie Varela Fernández na data 03/01/2025 11:28:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Pablo Javier Prieto Perille e Maria Felisa Rodríguez Carrera e deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Os programas de cooperación territorial europea (agrupados en torno ao INTERREG) son uns dos grandes instrumentos que ten a Unión Europea para favorecer a política rexional, e fomentar a eliminación das disparidades rexionais.

Dentro deles, o POCTEP se encontra entre os programas que se mantivo en todos os períodos de programación de INTERREG.

No INTERREG V (2014-2020), a Xunta de Galicia amosou unha grande actividade, con 85 proxectos en execución, que captaron 163 millóns de euros de investimento na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, co que se converteu na máis beneficiada da fronteira hispano-portuguesa.

Ao longo do tempo, estes fondos facilitaron proxectos fundamentais para o desenvolvemento e a cohesión da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, tanto desde a órbita dos poderes públicos como dos centros de investigación, universidades, clústeres, empresas, etc. Tamén contribuíron a dinamizar a innovación e a investigación, o tecido produtivo e o mercado de traballo, fomentaron a calidade de vida, os recursos turísticos e a conservación do ambiente e do patrimonio, ou incidiron na cooperación de proximidade, para poñer en marcha estruturas de cooperación como as AECT e promover actividades como a eliminación dos custos de contexto e a xestión compartida de equipamentos municipais transfronteirizos.

Está en marcha arestora o POCTEP VI (2021-2027), do que van desenvolvidas catro convocatorias.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego da participación de Galicia no que vai desenvolvido do POCTEP 21-27?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 11:37:53
Nº Rexistro: 16043
Data envío: 03/01/2025 11:37:53.582

Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 03/01/2025 11:34:12

Julio García Comesaña na data 03/01/2025 11:34:33

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/01/2025 11:35:02

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/01/2025 11:35:05

Paula Mouzo Mas na data 03/01/2025 11:35:31

Alberto Pazos Couñago na data 03/01/2025 11:35:34

Paula Prado del Rio na data 03/01/2025 11:36:14

Pablo Prieto Perille na data 03/01/2025 11:36:23

María Felisa Rodriguez Carrera na data 03/01/2025 11:37:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P5TRD3v@xkK3jY40-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Pablo Javier Prieto Perille e Maria Felisa Rodríguez Carrera, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Xunta de Galicia ten atribuídas, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o exercicio das competencias en materia de relacións coa Unión Europea.

A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, regula a acción exterior da nosa Comunidade Autónoma, que é a proxección da capacidade de autogoberno dunha nacionalidade histórica como Galicia e que está conectada coas competencias estatutariamente recoñecidas a esta.

O Título V da Lei, Galicia en Europa, recolle os mecanismos de participación de Galicia na formación da vontade do Estado diante da Unión Europea e tamén a participación directamente nas institucións e órganos da Unión Europea.

A cohesión económica, social e territorial é un obxectivo prioritario da UE. O artigo 174 do TFUE establece que as accións da Unión deben conducir á redución das diferenzas entre os niveis de desenvolvemento en todas as rexións.

O actual período de execución dos fondos estruturais, mecanismo principal da política de cohesión, finaliza en 2027, e desde hai meses as institucións europeas e os distintos actores políticos e sociais afrontan o debate sobre como debe ser a política de cohesión despois de 2027.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como está participando Galicia no debate sobre o futuro da política de Cohesión máis aló de 2027?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Katherinie Varela Fernández na data 03/01/2025 11:40:55

Julio García Comesaña na data 03/01/2025 11:41:24

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/01/2025 11:42:05

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/01/2025 11:42:08

Paula Mouzo Mas na data 03/01/2025 11:42:31

Alberto Pazos Couñago na data 03/01/2025 11:42:36

Paula Prado del Rio na data 03/01/2025 11:43:04

Pablo Prieto Perille na data 03/01/2025 11:43:14

María Felisa Rodriguez Carrera na data 03/01/2025 11:43:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Pablo Javier Prieto Perille e María Felisa Rodríguez Carrera, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Xunta de Galicia ten atribuídas, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o exercicio das competencias en materia de relacións coa Unión Europea.

A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, regula a acción exterior da nosa Comunidade Autónoma, que é a proxección da capacidade de autogoberno dunha nacionalidade histórica como Galicia e que está conectada coas competencias estatutariamente recoñecidas a esta.

O Título V da Lei, Galicia en Europa, recolle os mecanismos de participación de Galicia na formación da vontade do Estado diante da Unión Europea e tamén a participación directamente nas institucións e órganos da Unión Europea.

Os desafíos demográficos están a ter cada vez máis peso na axenda europea e hai que salientar que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en aprobar unha lei de impulso demográfico en 2021.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como está contribuindo Galicia ao debate europeo sobre o reto demográfico

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 03/01/2025 11:46:39

Raquel Arias Rodríguez na data 03/01/2025 11:46:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Julio García Comesaña na data 03/01/2025 11:47:19

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/01/2025 11:47:23

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/01/2025 11:48:01

Paula Mouzo Mas na data 03/01/2025 11:48:05

Alberto Pazos Couñago na data 03/01/2025 11:48:28

Paula Prado del Río na data 03/01/2025 11:48:30

Pablo Prieto Perille na data 03/01/2025 11:48:57

María Felisa Rodriguez Carrera na data 03/01/2025 11:49:02



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Pablo Javier Prieto Perille, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Xunta realiza con frecuencia simulacros de emerxencia para, ademais de servir como un exercicio de adestramento, testar os diferentes plans de actuación activos e a coordinación entre os efectivos que participan neste tipo de situacións.

Neste contexto, o pasado día 15 activouse o Plan de Emerxencia Exterior do parque industrial A Grela-Bens, nos municipios da Coruña e Arteixo.

No exercicio aproveitouse para realizar unha proba do sistema ES-Alert, unha ferramenta clave de Protección Civil para alertar á poboación de xeito masivo mediante o envío dunha mensaxe indiscriminada a todos os móbiles en caso de emerxencia.

Unha mensaxe que se enviou, ademais de aos dous concellos afectados polo simulacro de emerxencia, a outras zonas limítrofes situadas nos municipios de Oleiros, Culleredo, A Laracha e Carballo.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego dos resultados dos simulacros organizados para constatar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 03/01/2025 11:59:27

Julio García Comesaña na data 03/01/2025 12:00:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:02:52
Nº Rexistro: 16049
Data envío: 03/01/2025 12:02:52.904

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/01/2025 12:00:12

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/01/2025 12:00:47

Paula Mouzo Mas na data 03/01/2025 12:00:49

Alberto Pazos Couñago na data 03/01/2025 12:01:16

Pablo Prieto Perille na data 03/01/2025 12:01:23

María Felisa Rodriguez Carrera na data 03/01/2025 12:01:56

Katherinie Varela Fernández na data 03/01/2025 12:01:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PISJTB03H0X8ndt2Rao-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a execución do novo vial de acceso ao Porto da Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto da Guarda, dependente da entidade pública empresarial Portos de Galiza, desenvolve unha actividade económica fundamental para a localidade, nomeadamente destacan a actividade pesqueira e a fabricación e reparación de redes, esta última desenvolvida exclusivamente por mulleres.

Embarcacións de arte menores, con capturas específicas como polbo ou percebe, explotación de novos recursos como o ourizo e as algas, a instalación dunha nave para a confección de redes, que favorece o acceso ao mercado laboral das mulleres nunhas condicións dignas, amosan a puxanza da actividade económica vinculada ao porto.

Así e todo, como todo porto, desenvólvese neste o tránsito de vehículos pesados no contexto de transporte de mercadorías principalmente. Polo tanto, dispoñer dun acceso rápido, áxil, operativo e directo faise unha necesidade para correcto desenvolvemento do porto marítimo máis ao sur do país.

Esta necesidade de mellorar a comunicación do porto é unha demanda histórica da localidade. Xa no ano 1993 o PXOM tiña previsto a realización desta infraestrutura que consideraba estratéxica para o correcto desenvolvemento do porto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo, o acceso que se viña desenvolvendo pola Estrada Provincial EP-3401, rúa Concepción Arenal, comeza a facerse inoperativa a partir do 2017 coa reconversión a vía urbana e coa posterior peonalización da mesma a favor dunha mobilidade máis sostible e humana na vila.

Este feito fai difícil a convivencia co tránsito de acceso ao porto, nomeadamente do tráfico máis pesado, coas veciñas e veciños da Guarda.

No ano 2018 redáctase un proxecto para a realización da conexión do porto da Guarda coa estrada PO-552, elaborado pola Deputación de Pontevedra, do que a propia entidade mercantil Portos de Galiza ten coñecemento, cun investimento previsto de preto de 2,5M€ e do cal se resolveu dende a Consellería de Medio Ambiente unha avaliación ambiental simplificada favorable ao desenvolvemento deste proxecto.

Aínda con todo, o propio Goberno Galego decidiu excluírse das competencias en infraestruturas e portos e deixar aparcado este proxecto durante anos.

Co proxecto de orzamentos para o ano 2025, consolídase a falta de iniciativa o Goberno Galego de desenvolver esta infraestrutura imprescindible para o desenvolvemento económico da Guarda con apenas unha partida de 50.000€ que pouco van materializar desta tan necesaria conexión.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Ten pensado o Goberno Galego desenvolver o novo vial de acceso ao Porto da Guarda nesta lexislatura?
- Considera suficiente a partida orzamentaria adicada a este vial de acceso por Portos de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Porque o Goberno Galego non favoreceu o desenvolvemento desta infraestrutura durante este anos?
- Comprométese o Goberno Galego a establecer diálogo con tódolos axentes afectados e implicados para poder executar este vial de acceso ao porto?
- Considera que o proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra se axeita ás necesidades que ten o Porto da Guarda? Porque non cooperou o Goberno Galego na súa execución?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/11/2024 11:26:05

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2024 11:28:05

Luis Bará Torres na data 20/11/2024 11:28:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de restituír as prazas de profesorado de PT e AL eliminadas no presente curso escolar no CEIP Novo Mesoiro da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Novo Mesoiro da Coruña foi inaugurado no curso 2020-2021 para dar a resposta educativa que precisaba un barrio de nova construción como este que acolle a densidade de poboación nova máis alta da cidade.

O reto de garantir a escolarización en educación infantil e primaria no propio barrio foi conseguido despois dunha longa e intensa demanda social e política, ficando aínda pendente dotar o barrio dun instituto para continuar os estudos.

No presente curso as familias deste centro están a evidenciar que a Xunta non está a garantir o dereito á educación en igualdade e equidade ao eliminar prazas de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Esta decisión unilateral do goberno da Xunta non responde ás demandas do propio centro previas ao comezo do curso nin ás reclamacións que se seguen a facer por parte dos pais e nais.

As consecuencias da redución deste profesorado tan necesario para atender as necesidades específicas de aprendizaxe son ben coñecidas: desatención duns 30 nenos e nenas, mesmo naqueles casos que teñen informe médico que acredita a necesidade de atención específica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A piques de entrar no remate do primeiro trimestre escolar, o certo é que a Xunta segue a ignorar as necesidades educativas deste centro denegando o PT que fora solicitado a través do programa PROA, unha decisión difícil de comprender á vista da xustificación presentada.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que razón suprimiu a Xunta no comezo deste curso unha praza de PT e outra de AL no CEIP Novo Mesoiro da Coruña?
- Valorou a totalidade e diversidade do alumnado con NEAE matriculado no presente curso?
- É consciente o goberno da desatención á que está a someter unha parte importante deste alumnado?
- Por que razón non se lle concedeu o profesional de PT que solicitou o centro a través do programa PROA?
- Comprométese o goberno do PP a restituír de inmediato, como mínimo, o profesorado de PT e AL recortado no presente curso escolar?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/11/2024 09:00:05

Cristina Fernández Davila na data 25/11/2024 09:00:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o poboado de Fontao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O poboado de Fontao, no concello de Vila de Cruces, foi levantado no 1954 para ser, ao comezo, a residencia dos traballadores da mina que leva o mesmo nome, arredor da cal se construíu este núcleo urbano, no que viviron entre o 1939 e o 1945 arredor de 3000 habitantes, para os que se construíron colexios, cines, vivendas e outro tipo de servizos, conformando unha obra de gran valor e singularidade do patrimonio moderno.

A mina de Fontao foi unha explotación de estaño e wolframio, adquirida a finais do século XIX por Henry Winter Bunbury, que se fixo cun complexo mineiro que abasteceu de minerais á industria dedicada ao material bélico fronte á escalada internacional armamentística durante case un século e que sufriu dous ceses de actividade. No 1921 a parada debeuse á caída de prezo do mineral e no 1932 foi pola grave crise do Crack do 29, continuando de xeito ininterrompido ate os anos 70. Tras unha etapa dourada, a forte caída do wolframio especialmente e o traslado das explotacións a rexións de Africa e Asia provocou o peche da mina en 1963.

Despois de anos de abandono o poboado de Fontao, duns 30.000 m2 foi adquirido, tanto os edificios coma os terreos, pola Xunta de Galiza a través do IGVS no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano 2000 por valor de 940.485,16 euros, aínda que outra parte dese conxunto patrimonial industrial continúa a estar en mans privadas na actualidade. Posteriormente creouse un plan especial para a súa recuperación que se aprobou un par de anos despois, no 2002, no que o investimento ascendeu a 9,3 millóns de euros traballando en dúas fases; a primeira delas destinada á rehabilitación de edificios de vivendas para o que se precisaron 6163189,77 euros e grande parte da urbanización, mentres na segunda se dedicaron á rehabilitación de edificios dotacionais e o seu equipamento e á mellora da urbanización existente 2.204.822,61 euros.

Foi no 2004 cando se rematou a rehabilitación das vivendas, que logo se adxudicaron, a finais dese mesmo ano como vivendas de protección autonómica, en réxime de alugueiro con opción a compra. Tanto a escola coma o cine ou a igrexa foron cedidos sen custe ao concello de Vila de Cruces por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo, dedicadas a ser locais dispoñibles para asociacións veciñais e outros usos tales como os administrativos, culturais e sociais ou ao museo mineiro, por exemplo. Este antigo cine reconvertido en museo comezou a funcionar no 2012, mais a falla de persoal dificulta a visita, sen ser periódica, e que leva consigo o deterioro das instalacións, derivado de fondos escasos e descontextualizados. Esta cesión gratuíta estendeuse en 2005 aos terreos do poboado de Fontao non ocupados por edificacións, tales coma viais, zonas verdes, prazas de aparcadoiro, entre outras, lembrando que se trata dun dos seis núcleos con máis habitantes de Vila de Cruces.

A importancia de Fontao foi recoñecida pola Asociación Galega de Patrimonio Industrial e polo Comité Internacional para a Conservación do Patrimonio Industrial coma un dos cen bens máis importantes do Estado Español a conservar. Tamén no ano 2012, este poboado do municipio de Vila de Cruces, foi recoñecido con motivo do Día Mundial da Arquitectura e foi asemade incluído no Plan Nacional do Patrimonio Industrial. Mais, a pesares disto, de todos aqueles que valorizaron o poboado e as minas de Fontao o seu estado é lamentable, reinando o desleixo en ambos casos. De todo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complexo mineiro de Fontao e o patrimonio que isto implica ,o PXOM planea amparar dous inmobles unicamente que están dentro de Sidón, a concesión máis próxima ao poboado e que son a casa do enxeñeiro e a de dirección e oficinas, supoñendo o 16% do que a veciñanza reivindica e sendo actuacións que se atopan co atranco da falla de acordo co propietario.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Conta a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, con impulsar un plan para a recuperación e posta en valor do patrimonio industrial do poboado mineiro de Fontao, no concello de Vila de Cruces? De ser así, cando se vai poñer en marcha?
2. De cando datan os derradeiros contactos da Xunta de Galiza co propietario das minas de Fontao?
3. Vanse destinar fondos por parte da Xunta de Galiza ao museo mineiro de Fontao para permitir a súa apertura de xeito periódico?
4. Establecerán liñas de comunicación entre o poboado de Fontao e Vila de Cruces e os municipios veciños que permitan desprazarse á veciñanza dende este núcleo aos limítrofes de xeito que se mellore a autonomía dos que alí residen, con especial énfase no caso daqueles que habitan vivendas de protección autonómica?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 20/11/2024 16:50:26

Mercedes Queixas Zas na data 20/11/2024 16:50:37

Alexandra Fernández Gómez na data 20/11/2024 16:50:54

José Manuel Golpe Acuña na data 20/11/2024 16:51:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a situación dos expedientes de solicitude de axudas agroambientais *“Compromiso de fomento e xestión sostible de pastos” na PAC 2024 e a próxima convocatoria para o ano 2025*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período as explotacións agrogandeiras galegas tiveron a opción de solicitar axudas agroambientais, concretamente as ***axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Feader***. Axudas con compromisos plurianuais e que son fundamentais para as explotacións de Galiza.

Estas axudas incluían as seguintes intervencións agroambientais do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027:

b) Intervención 65013. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos.

Subintervención 65013.01: Extensificación de prados.

Subintervención 65013.02: Extensificación pastos arbustivos e arborizados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Subintervención 65013.03: Complemento a ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros.

Son axudas moi importantes para o mantemento, viabilidade e permanencia das explotacións agrarias galegas, sobre todo as profesionais; e afectan a explotacións agrícolas e gandeiras. Unhas axudas que no seu día supuxeron unha diminución importante na liña de compromiso de *fomento e xestión sostible de pastos*

Subintervención 65013.01: Extensificación de prados, a mais solicitada e máis importante para explotación gandeiras de Galiza, que lles fixo reducir nalgúns caso o 50% a axuda recibida. Unha diminución que non tivo explicación de ningún tipo.

O artigo 43 da ORDE do 27 de febreiro de 2024 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento MR250A, MR239G, MR239K, MR239O, MR240D, MR241C e MR241D) di textualmente:

Na axuda por extensificación das explotacións gandeiras establécense os seguintes importes:

- *Prados temporais e permanentes: 110 €/ha.*
- *Pastos arbustivos e pastos arborados: 80 €/ha.*

Estas axudas serán decrecentes en función da superficie admisible:

- As primeiras 40 ha correspóndelles o 100 % do importe.*
- Entre máis de 40 ha e 80 ha incluída, o 60 %.*
- Entre máis de 80 ha e 200 ha incluída, o 30 %.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) A partir de máis de 200 ha, o 5 %.

Por unha banda, as axudas da anualidade 2023, xunto cos seus importes, foron aprobadas o pasado 28 de decembro, e o pago foi feito tarde mal e arrastro con meses de retraso.

E por outra, a degresividade en función da superficie establecida fai que unha explotación profesional non pode cobrar o 100% da axuda nas súas terras. ao ter unha redución significativa a partires das 40 primeiras has.

A pesares desta situación, na convocatoria do ano 2024 tampouco se abriu a novas solicitudes, nin tampouco a ampliación de compromisos das solicitudes existentes; polo que supomos que tampouco se cubrirá a totalidade de crédito existente para este tipo de axudas e que está consignado no PEPAC 2023 – 2027. Tampouco na convocatoria do 2024 se eliminou ou se modificou a degresividade que limita o cobro da totalidade da axuda as nosas explotacións, principalmente as gandeiras.

Por todo isto, dende o BNG non entendemos que si hai crédito orzamentario para estas axudas se siga pondo limitacións, e menos aínda a actuación da Xunta do PP oposta ás mulleres e homes que están traballan e viven no rural.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Canto diñeiro quedou sen executar da partida prevista nas axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 na anualidade 2023 e 2024?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o montante económico que non se executará nos anos de duración da PEPAC 2023-2027?
- A que quere destinar a Xunta de Galiza o diñeiro sobrantes destas axudas?
- Cal é o motivo polo que se sigue aplicando a degresividade nestas liña?
- Cal é a situación dos expedientes de solicitude do ano 2024?
- Vanse cubrir as previsións orzamentarias no 2024 segundo o PEPAC 2023-2027?
- Vai a Xunta de Galiza abrir a novas solicitudes no ano 2025?
- Vai a Xunta de Galiza abrir a novos compromisos das solicitudes no ano 2025?
- Vai a Xunta de Galiza cambiar os criterios da degresividade ou eliminala nas solicitudes no ano 2025?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/01/2025 12:13:52

Sonia Vidal Lamas na data 03/01/2025 12:14:01

Ariadna Fernández González na data 03/01/2025 12:14:10

Secundino Fernández Fernández na data 03/01/2025 12:14:18



Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereas Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

O crecemento acumulado de Galicia é máis forte que o do conxunto de España nos últimos catro anos. Así, en relación ao último trimestre de 2019, o crecemento da nosa Comunidade ata o segundo trimestre de 2024 é 6,3 puntos maior que antes da pandemia, fronte ao avance de 4,7 puntos da media de España.

Ata o mes de agosto, a balanza comercial de Galicia acadou a cifra 6.369 millóns de euros en positivo, mentres que no conxunto de España foi de 23.780 millóns de euros en negativo. En termos anuais ao peche de 2023, Galicia superaba, por primeira vez, a barreira dos 30.000 millóns de euros en exportacións, e todo parece indicar que este 2024 imos na mesma senda.

Por outra banda, en termos de débeda, a nosa Comunidade reduciu a súa ratio débeda/PIB ata o 16,1% no cuarto trimestre de 2023. É dicir, tivemos a taxa de endebedamento máis baixa desde 2012 e 3,7 puntos por debaixo do nivel de 2020 (19,7%).

Ademais, Galicia non só foi das comunidades autónomas que cumpriu de novo os obxectivos de déficit e de débeda, senón que tamén foi unha das que liderou o tempo de pagamento a provedores. En concreto, pechamos 2023 pagando as facturas case na metade de tempo que o conxunto de España.

Á vista deste escenario positivo, parece axeitado que, desde a Xunta de Galicia se continúen a impulsar servizos de alto valor engadido co apoio de expertos en ámbitos como o desenvolvemento estratéxico, a dixitalización e a innovación, que faciliten a profesionalización do tecido empresarial galego a través da incorporación de novos coñecementos que permitan anticiparse e responder ás necesidades do mercado e seguir medrando.



Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que iniciativas e servizos de apoio ten a Xunta de Galicia para mellorar a competitividade das pemes galegas?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/01/2025 12:13:17

Cristina Sanz Arias na data 03/01/2025 12:13:46

María Deza Martínez na data 03/01/2025 12:14:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/01/2025 12:14:31

Miguel Fidalgo Iglesias na data 03/01/2025 12:14:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Felisa Rodriguez Carrera na data 03/01/2025 12:14:54

Ángel Rodríguez Conde na data 03/01/2025 12:15:13

Borja Vereza Fraiz na data 03/01/2025 12:15:17

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/01/2025 12:15:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereja Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Galicia é unha das áreas con maior potencial en enerxías renovables mariñas en Europa. Neste contexto, a Xunta de Galicia está a buscar novas oportunidades de desenvolvemento destas enerxías na actual plataforma experimental de Punta Langosteira, localizada nas inmediacións do Porto Exterior da Coruña, así como testemuñar o impacto que esta nova tecnoloxía poder ter sobre os recursos mariños e pesqueiros.

O Consello de Goberno tomou razón recentemente da solicitude de ampliación da autorización para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre deste espazo, proposta pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega). Este emprazamento é un referente para os especialistas do sector, proporcionando condicións óptimas para a realización de ensaios, instalacións e mantemento de dispositivos, así como para validar deseños, compoñentes e materiais e verificar a súa viabilidade técnica e económica.

A consolidación da zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira e a mellora das súas infraestruturas, xunto cos avances da industria galega no sector naval e no sector das tecnoloxías renovables, axudará a converter esta zona nun referente no eido das enerxías mariñas.

Ademais, facilitará que a industria se adapte aos requirimentos dos novos dispositivos mariños e fortalecerá o tecido empresarial galego vinculado a esta tecnoloxía.

Así mesmo, o Goberno galego ten como obxectivo poñer en marcha unha segunda plataforma experimental para testar prototipos de eólica mariña flotante, có fin de afondar no coñecemento das novas tecnoloxías e avanzar nos procesos de transición enerxética e descarbonización, en liña cos obxectivos da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e a Axenda Enerxética de Galicia 2030.



Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que se precisa para por en marcha a nova plataforma experimental centrada na eólica mariña?
2. Cales son os resultados esperados coa plataforma experimental de Punta Langosteira?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/01/2025 12:26:10

Cristina Sanz Arias na data 03/01/2025 12:27:26

María Deza Martínez na data 03/01/2025 12:28:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:30:57
Nº Rexistro: 16072
Data envío: 03/01/2025 12:30:57.430

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/01/2025 12:28:14

Miguel Fidalgo Iglesias na data 03/01/2025 12:28:36

María Felisa Rodríguez Carrera na data 03/01/2025 12:28:39

Ángel Rodríguez Conde na data 03/01/2025 12:29:03

Borja Vereza Fraiz na data 03/01/2025 12:29:08

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/01/2025 12:29:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BGPSTB93-j08Rk26zA6-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A falta de coordinación e dilixencia por parte do Goberno galego en materia dos centros de atención residencial, así coma nos servizos de atención para persoas con dependencia ou discapacidade está motivando unha ocupación de prazas residenciais por emerxencia social de xeito caótico.

Os profesionais e as propias familias de usuarios dos centros de atención residencial puxeron en coñecemento do Goberno galego a ocupación de prazas nestes centros por persoas con patoloxías psiquiátricas e un conxunto de casuísticas moi diversas que fai que, cada vez de xeito máis habitual, sexa moi complicada a convivencia e incluso en ocasións manter a seguridade dos usuarios segundo os propios profesionais.

Trátase dunha emerxencia a necesidade de establecer unha formación axeitada, así como o incremento de profesionais no só atendendo ao criterio cuantitativo senón cualitativo, debido a que estamos a tratar casuísticas que requiren perfís profesionais determinados.

Non é dilixente mesturar tal diversidade de casuísticas nun centro, sen ter en conta unha adaptación da cualificación e o número de postos laborais, así como a convivencia segundo o perfil de usuarios, xa que o resultado actual é que persoas maiores teñan que convivir con situacións complexas que condicionan directa e indirectamente o seu benestar.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:46:53
Nº Rexistro: 16074
Data envío: 03/01/2025 12:46:53,280

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten elaborado o Goberno galego un informe sobre o perfil de persoas usuarias de cada centro?
2. E sobre o perfil de persoas usuarias en emerxencia social?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:42:19

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 11:42:29

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56742

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8D0C0x7ttsz8A@-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O día 1 de decembro de 2023, a Xunta de Galicia publicou no DOG número 229 a Orde do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestación do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

O presidente Alfonso Rueda anunciou como medida estrela no seu anterior gobernou, no Debate do Estado da Autonomía, un bono de 5.000 euros anuais para coidados, e outro de 1.200 euros como complemento para o servizo de atención residencial.

Os maiores recortes de fondos en dependencia e ademais concretamente os recortes na libranza por coidados na contorna familiar dos últimos anos foron executados polos gobernos do Partido Popular, incluída a cotización especial como coidador/a eliminada cando Mariano Rajoy presidía o Goberno de España (que retomou Pedro Sánchez ao acceder ao Goberno).

Tras executar recortes de miles de millóns en materia de dependencia por parte do Goberno do Partido Popular a nivel estatal, e ser das comunidades autónomas con menor inversión en dependencia por habitante potencialmente







**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:47:22
Nº Rexistro: 16076
Data envío: 03/01/2025 12:47:22.702

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:44:01

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 11:44:10

CSV: B0P1STB9CQ6x1ab26A96
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56745

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os indicadores de pobreza alertan sobre o impacto significativo en familias monoparentais e na pobreza infantil. Gran parte desas familias son encabezadas por mulleres divorciadas, ou nais que crían soas aos seus fillos e fillas. Nunha sociedade avanzada é intolerable que, o pasado ano, tivo os orzamentos máis altos que nunca na historia de Galicia, debido en parte aos fondos europeos e estatais recibidos, existan nenos e nenas que non teñan cubertas ás súas necesidades básicas ou incluso pasen fame ou sufran unha dieta pobre. E máis preocupante aínda é que o Goberno galego sigue incumprindo á súa propia Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia.

En concreto, o Goberno galego incumpre o artigo 40:

“Especial consideración das familias monoparentais

1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo dun ano dende a entrada en vigor da presente lei, un plan de apoio ás familias monoparentais, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.
2. No prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente lei darase cumprimento ao mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas, previsto na nova redacción dada ao número 3 do artigo 13 de la Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.





Despois dun ano e medio de incumprimento da Lei de Impulso Demográfico e cos últimos informes sobre pobreza en Galicia, onde amosan unha mellora dos datos globais galegos grazas (entre outras medidas) ao IMV e á Tarxeta Básica (que a Xunta retirou), pero que prenden unha alerta urxente xa que amosan unha situación límite para unha gran parte das familias monoparentais e con elo datos preocupantes en pobreza infantil.

En concreto, os datos amosan que o risco de pobreza en poboación infantil e xuvenil incrementábase, do 31,1 % ao 34 %, moi por riba da taxa en adultos 25,4 %. O índice de pobreza en Galicia creceu nos últimos dous anos nas mulleres, nenos, nenas e mocidade. Todo elo unido ao incremento de menores tutelados, fai que o Goberno galego teña a necesidade de elaborar un paquete de accións significativas sobre a poboación infanto-xuvenil. De seguir igual, estaríamos ante algo totalmente inadmisíbel para a nosa sociedade e para o principio de igualdade de oportunidades, unha involución en toda regra.

Dende EAPN Pobreza Galicia informan que a taxa de pobreza severa baixou entre 2020 e 2021 en Galicia do 9,4 % ao 8,8 %, afectando a 237.769 persoas. Sen embargo, a situación por sexos é ben distinta, mentres que entre os homes baixa do 10,2 ao 8,6 %, en mulleres aumenta, do 8,7 ao 9 % . Ademais, os datos amosan novos perfís en risco de pobreza como o de persoas con estudos e o de persoas que traballan pero caen en risco de pobreza igualmente pasando do 13,5 % ao 17,9 %.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas fixo a Xunta de Galicia para mellorar a situación das familias monoparentais, especialmente encabezadas por mulleres?
2. Por que se incrementaron os casos de menores tutelados e que medidas teñen pensado adoptar para solucionalo?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:47:48
Nº Rexistro: 16078
Data envío: 03/01/2025 12:47:48,608

3. Que recursos ou medidas directas teñen pensado adoptar coas familias monomarentais?
4. Que medidas teñen pensado para erradicar a pobreza infantil?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:46:15

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 11:46:23

CSV: BGRISIRBQJGMBQ2M&66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56748

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O Tribunal Supremo rexeitou o recurso de casación presentado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) contra unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que considerou improcedente o cesamento dun alto directivo da empresa pública.

Para as centrais sindicais e o comité de empresa esta decisión cuestiona a legalidade da estrutura directiva da CRTVG, conformada segundo lembran por ata unha trintena de persoas con contratos de alta dirección cando estes deberían ser provistos mediante unha oferta pública de emprego ou o nomeamento de persoal propio da casa.

Os feitos aos que se refire o auto desestimatorio do Supremo refírense a 2021, cando a CRTVG rescindiu unilateralmente o contrato de alta dirección que mantiña desde 1987 cun dos seus responsables do departamento de enxeñería, que estaba a piques de se xubilar. O TSXG considerou probado que segundo as tarefas que exercía non eran de alta dirección senón propias dunha relación laboral, e que, como lles sucede a outros trinta directivos da casa que teñen ese mesmo tipo de contratos, non participaba “na toma de decisións en actos fundamentais de xestión da actividade empresarial”.

A CRTVG recorreu en casación ante o Tribunal Supremo que non admite a trámite o recurso polo que a sentenza do TSXG adquire plena firmeza e obriga á dirección a readmitir ao seu empregado ou a pagar con fondos públicos os





173.303,95 euros da súa indemnización. Ademais deste extremo, desde os sindicatos e o comité avisan arredor da situación xerada pola firmeza desta sentenza que afecta a esa trintena de persoas contratadas coa mesma fórmula agora censurada nos tribunais, ao tempo que esixen que os postos directivos se cubran conforme a lei, mediante convocatoria pública, con abrigo en sistemas de selección baseados nos principios de igualdade mérito e capacidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da sentenza firme do TSXG censurando a modalidade de contratación e cesamento deste alto directivo?
2. Como afecta isto ao resto de persoal contratado co mesmo procedemento?
3. Vai asumir alguén da dirección responsabilidades polos elevados recursos económicos públicos destinados a este procedemento xudicial, os gastos derivados do recurso e a elevada indemnización que a CRTVG ten que abonar á persoa afectada?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:48:02
Nº Rexistro: 16079
Data envío: 03/01/2025 12:48:02.077

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:47:24

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/01/2025 11:47:33

CSV: B0PIS7B9Guk&int=qpyA66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56751

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Na anterior lexislatura, o 16 de febreiro do ano 2021 a Consellería de Política Social anunciaba a presentación ao Goberno de España duns proxectos do ámbito social para captar, segundo a propia Consellería 164 millóns de euros de fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Foron varias ás veces que a través de preguntas e interpelacións ante a Consellería de Política Social da XI lexislatura, foron solicitados os informes nos que está detallada a finalidade e execución dos devanditos fondos. Ante a falta de información por parte da Consellería á Cámara que representa a todos os galegos e galegas no Parlamento de Galicia, dende o Grupo Socialista consideramos necesaria e urxente a súa comparecencia para ter coñecemento dun tema transcendental para os galegos e galegas como foron os momentos de crise sanitaria e social provocada pola Covid-19.

Se embargo, unha vez máis, o Goberno galego non correspondeu coa transparencia de informar detalladamente deses proxectos. Máis de dous anos despois, o Consello de Contas constataba que o Goberno galego deixou sen executar case o 60 % dos fondos europeos, en concreto segundo o ente fiscalizador, Galicia tería asignados 1.097 millóns de euros de fondos europeos para o 2021, dos que se executaron proxectos por valor de 40,5 % quedando o 59,5 % sen executar.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:48:24
Nº Rexistro: 16080
Data envío: 03/01/2025 12:48:24.015

Tendo en conta que a política social é unha das áreas que máis depende destes fondos, tendo en conta as necesidades que existen en Galicia, unha das comunidades autónomas máis envellecida do país e cunha maior porcentaxe de persoas con dependencia ou discapacidade, é fundamental saber se a Consellería de Política Social deixou sen executar proxectos sociais vencellados a estes fondos, e concretar as contías e áreas afectadas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando vai ser enviado un informe detallado dos proxectos sociais dependentes dos fondos europeos que fai xa máis de dous anos foron solicitados á Consellería de Política Social?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:50:10

Patricia Iglesias Rey na data 03/01/2025 11:50:19

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 11:50:27





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:48:37
Nº Rexistro: 16081
Data envío: 03/01/2025 12:48:37,937

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Na anterior lexislatura, o 16 de febreiro do ano 2021 a Consellería de Política Social anunciaba a presentación ao Goberno de España duns proxectos do ámbito social para captar, segundo a propia Consellería 164 millóns de euros de fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Foron varias ás veces que a través de preguntas e interpelacións ante a Consellería de Política Social da XI lexislatura, foron solicitados os informes nos que está detallada a finalidade e execución dos devanditos fondos. Ante a falta de información por parte da Consellería á Cámara que representa a todos os galegos e galegas no Parlamento de Galicia, dende o Grupo Socialista consideramos necesaria e urxente a súa comparecencia para ter coñecemento dun tema transcendental para os galegos e galegas como foron os momentos de crise sanitaria e social provocada pola Covid-19.

Se embargo, unha vez máis, o Goberno galego non correspondeu coa transparencia de informar detalladamente deses proxectos. Máis de dous anos despois, o Consello de Contas constataba que o Goberno galego deixou sen executar case o 60 % dos fondos europeos, en concreto segundo o ente fiscalizador, Galicia tería asignados 1.097 millóns de euros de fondos europeos para o 2021, dos que se executaron proxectos por valor de 40,5 % quedando o 59,5 % sen executar.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:48:37
Nº Rexistro: 16081
Data envío: 03/01/2025 12:48:37,937

Tendo en conta que a política social é unha das áreas que máis depende destes fondos, tendo en conta as necesidades que existen en Galicia, unha das comunidades autónomas máis envellecida do país e cunha maior porcentaxe de persoas con dependencia ou discapacidade, é fundamental saber se a Consellería de Política Social deixou sen executar proxectos sociais vencellados a estes fondos, e concretar as contías e áreas afectadas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando vai ser enviado un informe detallado dos proxectos sociais dependentes dos fondos europeos que fai xa máis de dous anos foron solicitados á Consellería de Política Social?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:51:01

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 11:51:11





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 6 de xullo de 2020, logo da sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Cruz Vermella Española en Galicia, iniciouse a execución dun programa extraordinario de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19, articulado a través de tarxetas moedeiro para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

Unha medida impulsada polos movementos sociais que loitan contra a pobreza dirixida ás persoas e familias residentes en Galicia que se atopan en situación de vulnerabilidade económica, ben porque carecen de ingresos efectivos, ou ben porque na unidade de convivencia non se perciben prestacións económicas periódicas regulares, de carácter mensual (Risga, PNC, IMV, RAI, prestacións por desemprego...), nin outros ingresos efectivos, que acaden, no seu conxunto, o importe que lle correspondería en concepto de tramo persoal e familiar de Risga, de acordo coas contías establecidas para o ingreso mínimo e os complementos familiares (artigo 21 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia).

Unha medida, reivindicada dende anos antes da súa implantación por parte de asociacións que loitan contra a pobreza ou a favor dos colectivos máis vulnerables da sociedade, e que reclaman que a Tarxeta Básica ou Tarxeta Moedeiro sexa unha medida permanente no tempo. De feito algúns destes movementos sociais, nomeadamente a través de EAPN Galicia indican que:





“A pesar da súa limitada duración, dende EAPN Galicia valorouse positivamente a posta en marcha dunha medida reclamada dende fai anos como un primeiro paso imprescindible pola dignidade das persoas, o afastamento do asistencialismo e da estigmatización e como apoio económico para os comercios de proximidade nun contexto de emerxencia social como a que estamos vivindo. Seguiremos demandando non só que esta iniciativa sexa permanente, senón sobre todo para que as persoas ou familias que a percibían pasen canto antes a un sistema de garantía de ingresos a partir do IMV e a Risga”.

Tendo en conta o contexto socioeconómico actual derivado do incremento de prezos e que máis de 600.000 galegos e galegas viven en risco de pobreza, especialmente acusada a pobreza infantil e a que sofren as familias monoparentais encabezadas por mulleres, é de xustiza retomar como permanente a Tarxeta Básica, non só pola prestación en si, senón pola privacidade das familias perceptoras e o poder desta medida contra a estigmación debido ás súas características.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Valora o Goberno galego retomar a Tarxeta Básica tal e como reclaman os movementos sociais que loitan contra a pobreza en Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:49:19
Nº Rexistro: 16084
Data envío: 03/01/2025 12:49:19.906

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:52:21

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 11:52:30

CSV: B6PISJTB93WGXUk2JyAb-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56758

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:49:32
Nº Rexistro: 16085
Data envío: 03/01/2025 12:49:32.984

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A cobertura informativa das eleccións municipais e estatais, de 2023, na CRTVG provocaron polémica. Nun momento de máxima importancia informativa para o conxunto do Estado e mentres os medios públicos fóra de Galicia e os privados reforzaron os contidos vencellados aos comicios electorais, na CRTVG aconteceu todo o contrario. Tanto na precampaña na como na campaña electoral os faladoiros na radio dos programas “Galicia por Diante” de 8:30 horas a 9:30 horas, e de “A Crónica”, de 22 a 23 horas, sufriron unha recorte de varios dos protagonistas habituais ademais de suprimir espazos.

Esta redución de catro a tres participantes no “Galicia por Diante” e a supresión do faladoiro de “A Crónica” coincidiu coa desaparición dos colaboradores e colaboradoras que de xeito notorio viñan sendo durante toda a temporada máis críticos coa xestión de Alberto Núñez Feijóo.

Colaboracións como as do profesor da UDC Carlos Aymerich; Ana Luisa Bouzas; a do avogado Xoán Antón Pérez-Lema; a do escritor Francisco Castro e a do activista social e membro de Anova Pepe Arias, que interviñan no debate de “A Crónica”, así como as do profesor de Economía da USC e ex deputado Suso Veiga e da directora de Nós Diario, María Obelleiro.

A pouca pluralidade planificada e a redución dos espazos de faladoiro, moi ao contrario do que se fai nos medios públicos de País Vasco ou Cataluña, xunto





á xa criticada celebración dun único emitido ás 10 da mañá en horario de baixa audiencia televisiva amosa o desleixo dos responsables da CRTVG por ofrecer á cidadanía galega unha programación plural e completa nun momento que era de máximo interese informativo e polo tanto un incumprimento máis da misión de servizo público.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que se debe a redución en plenos procesos electorais do ano 2023 dos espazos destinados a actualidade política?
2. Que se teña prescindido nese momento de máximo interese informativo unicamente das colaboradoras e colaboradores habituais máis progresistas considera que vela pola pluralidade necesaria que debe primar nun medio público?
3. Están satisfeitos coa audiencia do debate emitido ás dez de mañá e compararon xa as cifras acadades nos medios onde programaron os seus espazos de debate en horarios de máxima audiencia?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:49:32
Nº Rexistro: 16085
Data envío: 03/01/2025 12:49:32.984

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:54:03

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/01/2025 11:54:12

CSV: B0PISJTB0C7B34RZ7R00e76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

56761

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carlos López Font, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O bono alugueiro para a mocidade de 250 euros implantado polo Goberno de España, dentro do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 xestiónase a través das comunidades autónomas. Segundo vén de facer público o último informe do Valedor do Pobo, a Xunta de Galicia incumpriu cos prazos de tres meses para dar resposta ás demandas que lle chegaron a través do IGVS (organismo encargado da súa xestión).

Isto significou que nunha comunidade onde o prezo de alugueiro nas cidades subiu unha media do 50 por cento nas cidades, a Xunta de Galicia tardou máis de dezaseis meses en dar unha resposta ás persoas solicitantes das axudas, toda vez que dixeran que en tres meses estarían resoltas as solicitudes. Isto faise difícil de crer xa que as axudas son de concesión directa, por orde cronolóxica de entrada, e nas que soamente hai que comprobar si se cumpriron as condicións.

O prazo abriuse o 1 de xullo de 2022 e en novembro de 2023 aínda respondían as solicitudes de xullo de 2022. E dun total de 14.441 solicitudes recibidas no IGVS, entre xullo e outubro de 2022. A mediados de decembro de 2023, a entidade só foi capaz de responder 5.500 expedientes.

A xestión tornouse un asunto embarullado xa que a Xunta de Galicia estableceu que pasados os tres meses si os solicitantes non recibían





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:50:21
Nº Rexistro: 16087
Data envío: 03/01/2025 12:50:21.281

respostas, tiñan que dar por desestimado a súa petición. Posteriormente non ocorreu así, outorgando axudas co tempo superado pero tamén deixou sen resposta nin capacidade de reacción a milleiros de solicitantes.

Ante tal falta de criterio de xestión e de falta de protocolo de actuación ante un tema que afecta de forma directa á vida de milleiros de mozos e mozas en Galicia, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os criterios que seguiu a Xunta de Galicia a través das súas persoas responsables para que o IGVS tivera esta xestión de caos administrativo?
2. Cantas peticións quedaron sen resposta desde xullo de 2022 ata decembro de 2023?
3. En canto se cifran as axudas que non foron concedidas por mor da xestión deficitaria da Xunta de Galicia?
4. Porque deixaron que as solicitudes non fosen atendidas sabendo que é un tema esencial para os mozos e mozas en Galicia?
5. Ten previsto solventar as irregularidades de xestión cos solicitantes que non foron atendidos e quedaron sen saber cal eran realmente os seus dereitos?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:54:51

Carlos López Font na data 03/01/2025 11:54:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56763

@PSdeG



CSV: BGPSIDBDCLOUJRR9A0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:50:21
Nº Rexistro: 16087
Data envío: 03/01/2025 12:50:21.281

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 11:55:06

Paloma Castro Rey na data 03/01/2025 11:55:14

CSV: B6P5TRBQZCQ4p4R9A0-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56764

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carlos López Font, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O bono alugueiro para a mocidade de 250 euros implantado polo Goberno de España, dentro do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 xestiónase a través das comunidades autónomas. Segundo vén de facer público o último informe do Valedor do Pobo, a Xunta de Galicia incumpriu cos prazos de tres meses para dar resposta ás demandas que lle chegaron a través do IGVS (organismo encargado da súa xestión).

Isto significou que nunha comunidade onde o prezo de alugueiro nas cidades subiu unha media do 50 por cento nas cidades, a Xunta de Galicia tardou máis de dezaseis meses en dar unha resposta ás persoas solicitantes das axudas, toda vez que dixeran que en tres meses estarían resoltas as solicitudes. Isto faise difícil de crer xa que as axudas son de concesión directa, por orde cronolóxica de entrada, e nas que soamente hai que comprobar si se cumpriron as condicións.

O prazo abriuse o 1 de xullo de 2022 e en novembro de 2023 aínda respondían as solicitudes de xullo de 2022. E dun total de 14.441 solicitudes recibidas no IGVS, entre xullo e outubro de 2022. A mediados de decembro de 2023, a entidade só foi capaz de responder 5.500 expedientes.

A xestión tornouse un asunto embarullado xa que a Xunta de Galicia estableceu que pasados os tres meses si os solicitantes non recibían





respostas, tiñan que dar por desestimado a súa petición. Posteriormente non ocorreu así, outorgando axudas co tempo superado pero tamén deixou sen resposta nin capacidade de reacción a milleiros de solicitantes.

Ante tal falta de criterio de xestión e de falta de protocolo de actuación ante un tema que afecta de forma directa á vida de milleiros de mozos e mozas en Galicia, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os criterios que seguiu a Xunta de Galicia a través das súas persoas responsables para que o IGVS tivera esta xestión de caos administrativo?
2. Cantas peticións quedaron sen resposta desde xullo de 2022 ata decembro de 2023?
3. En canto se cifran as axudas que non foron concedidas por mor da xestión deficitaria da Xunta de Galicia?
4. Porque deixaron que as solicitudes non fosen atendidas sabendo que é un tema esencial para os mozos e mozas en Galicia?
5. Ten previsto solventar as irregularidades de xestión cos solicitantes que non foron atendidos e quedaron sen saber cal eran realmente os seus dereitos?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 11:55:43

Carlos López Font na data 03/01/2025 11:55:52





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:50:36
Nº Rexistro: 16088
Data envío: 03/01/2025 12:50:36.922

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 11:56:02

Paloma Castro Rey na data 03/01/2025 11:56:10

CSV: B0P1S1R0D3g3X7B1g6Ao-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56767

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O mes de novembro de 2023 cumpríronse once anos desde que este Parlamento aprobou a Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

O seu incumprimento sistemático nesta década é algo que temos denunciado reiteradamente desde este grupo parlamentario, por parte dos sindicatos e moitas e moitos profesionais da CRTVG, así como desde outras entidades como a Federación Europea de Xornalistas.

Unha década, na que se seguen sen aplicar preceptos da lei coma a elección do director xeral por $\frac{2}{3}$ do Parlamento ou a creación do Consello de Informativos e do Estatuto Profesional.

Artigo 23. A directora ou director xeral.

3. O cargo de directora ou director xeral terá unha duración de cinco anos, e poderá ser reelixida ou reelixido no cargo unha vez por un período de idéntica duración.

Artigo 36. Estatuto profesional.

1. O estatuto profesional da Corporación RTVG é un instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos





informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e internet respondendo os principios xerais que inspiran a presente lei.

2. O estatuto profesional contemplará a creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, a fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles.

3. As normas de organización e funcionamento do consello de informativos aprobaranse polo consello de administración, tras escoitar ás organizacións sindicais representativas.

Na pasada lexislatura, no transcurso das comparecencias nesta Comisión dalgunha e dalgúns dos actuais conselleiros do Consello de Administración que estaban propostos para repetir mandato, trasladouse que o Estatuto estaba practicamente acordado e que vería a luz nun espazo curto de tempo, e aínda nada sabemos.

Por este motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

En que punto están os traballos para a aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos previstos na Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:50:52
Nº Rexistro: 16089
Data envío: 03/01/2025 12:50:52.625

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:04:41

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/01/2025 12:04:49

CSV: B0P5TRB0/6X0b02EA6-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56770

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Residencia de Maiores do Concello de Oleiros, na Coruña, foi durante anos unha residencia referente en Galicia no que se refire ao coidado de grandes dependentes. Tras unha remodelación da mesma, por motivos de fallos construtivos, volveron a abrila con total normalidade.

Desde fai anos, o persoal que se encarga da atención directa dos residentes, vén denunciando con asiduidade o paulatino deterioro tanto das instalacións como da falta de medios materiais e recursos persoais.

Respecto aos primeiros, un deterioro evidente do material de suspensión o mobilidade como as grúas para poder efectuar os aseos das persoas residentes. Mesmo os propios traballadores/as arranxan dalgún xeito a través de cinta isolante ou outro tipo de elementos os aparellos para que poida seguir a funcionar dalgún modo.

Hai cables que transcorren por debaixo dalgunhas camas e mantas que forran as instalacións da residencia. Ademais das cuestións de mantemento que non se efectúan, e aparecen pingueiras e humidades por zonas do edificio.

No exterior, hai anacos de cornixas que están tiradas no xardín, a través do cal entran xabarís de xeito cotiá.





Pero sobre todo hai unha sobre carga de tarefas co persoal técnico que traballa na residencia, de xeito que foron incrementándose ingresos de residentes pero non se incrementou o número de persoal necesario para a asistencia diaria.

Mesmo cando hai pacientes con patoloxías psiquiátricas que ingresaron na residencia pero que non contan con persoal especializado. Deste xeito, nas fins de semana, non hai persoal de dinamización que poida ocuparse tanto das patoloxías psiquiátricas como das actividades dos dependentes ingresados, o cal está a xerar situacións de stres laboral para os poucos auxiliares que teñen que atendelos nas tres quendas establecidas.

Estamos a falar dunha residencia con máis de 200 prazas na que as zonas de 44 grandes dependentes so contan cunha persoa na quenda de noite, para facer os cambios posturais, coidados, demandas ou calquera outra incidente que teña lugar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia cubrir as necesidades de medios materiais e danos na edificación da residencia de Oleiros?
2. Cantas persoas residentes ten neste momento co grao de gran dependente e cantos auxiliares hai para que sexan atendidos nas diferentes zonas da residencia en cada quenda?
3. Cantos/as profesionais están ao coidado dos grandes dependentes nos sete días da semana nos tres turnos?
4. Cantos/as profesionais están ao coidado dos ingresos de pacientes con patoloxía psiquiátrica nos sete días da semana nas diferentes quendas?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:51:22
Nº Rexistro: 16091
Data envío: 03/01/2025 12:51:22.954

5. Cantas prazas están baleiras na residencia?
6. Pode o persoal existente controlar e estar pendente do residentes e ingresados? Houbo algunha vez algún residente que se escapara da residencia e tiveran que ir a buscalo fóra do recinto?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:05:31

Julio Abalde Alonso na data 03/01/2025 12:05:39

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:05:48





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A política cultural do PP discorre por liñas que as máis das veces atende a grandes fitos e grandes eventos que dificilmente atenden a idiosincrasia do país e as súas xentes.

Baseándose nesa liña de grandes eventos, a Xunta de Galicia repartiu no ano 2023 máis de 19 millóns de euros en festivais e eventos repartidos pola xeografía galega que produciu unha distorsión no tecido cultural autóctono de Galicia.

Gran parte deles foron xestionados a través da Axencia de Turismo de Galicia que de xeito pouco transparente “distribuíu” as actuacións non se sabe ben baixo que criterio.

Por outra parte, hai un importante volume de creadores tanto na escena musical como plástica que esperan, dalgún xeito, que desde a Consellería de Cultura se estableza un sistema cultural estable que permita desenvolver estratexias de visibilización e traballo de xeito continuado e con relevancia en Galicia e fóra das nosas fronteiras.

Por tal motivo, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:51:51
Nº Rexistro: 16093
Data envío: 03/01/2025 12:51:51.485

1. Que criterios vai establecer a Consellería de Cultura de cara a celebracións dos seguintes Xacobeos?
2. Cales son os criterios establecidos para a concesión de actuacións e eventos en diferentes festivais en Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:07:49

Julio Abalde Alonso na data 03/01/2025 12:07:57





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A riqueza que supón contar cunha lingua propia xustifica que desde a Consellería de Cultura se empreguen a fondo nun traballo real e a pé de terra.

Ese traballo que vemos ten pactos e acordos en diferentes ámbitos pero que existen unicamente sobre o papel e que, de ningún xeito se fai efectivo.

Acordos coa Mesa pola Normalización Lingüística ou acordos de consenso a través da Lei Valentín Paz Andrade establecen unha serie de medidas que, de ningún xeito, vemos que estean materializadas.

Tendo en conta, ademais, que de xeito reiterado vimos chamando a atención sobre este particular. E que o conselleiro de Cultura vai a trazar novas estratexias para o desenvolvemento do seu cometido queremos estar seguros de que dará cumprimento as diferentes peticións, recollidas e consensuadas desde fai tempo no Parlamento de Galicia.

Por tal motivo, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales serán as primeiras medidas que dende a Consellería de Cultura se fagan efectivas para cumprir cos pactos acordados con diferentes estamentos que traballan pola defensa da lingua galega?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:52:09
Nº Rexistro: 16094
Data envío: 03/01/2025 12:52:09.923

2. Cal é o calendario previsto polo conselleiro de Cultura para dar cumprimento dos acordos acadados, neste Parlamento, en defensa e promoción do galego?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:09:18

Julio Abalde Alonso na data 03/01/2025 12:09:27





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Goberno transformaba fai dous anos un novo modelo de residencias en Galicia do cal non temos unha avaliación do traballo realizado. Este novo modelo está a repercutir na calidade de vida das persoas maiores nos centros de atención residencial que sofren día tras día a mingua deste dereito asistencial xa que lonxe de mellorar parece que vai a peor.

De feito nos últimos meses profesionais do sector, tanto traballadoras e traballadores do ámbito das residencias, pero tamén traballadoras sociais e outros perfís profesionais dos servizos sociais comunitarios, alertan dos ingresos de persoas enfermas de psiquiatría menores de 65 anos nestes centros, sen dotalos previamente de persoal especializado nin do reforzo de recursos humanos preciso para poder atender este tipo de casuísticas.

O que debe ser unha excepción, estase a converter en norma, debido á falta de recursos específicos para atender a casos graves de doentes de psiquiatría. O feito é que as persoas maiores que viven nas residencias galegas (máis do 60 % con algún tipo de demencia) teñen que convivir na actualidade, nalgúns casos ata cun 25 % de prazas ocupadas con doentes de psiquiatría, onde a dita retroalimentación de ambas casuísticas para nada é recomendable por parte das persoas expertas, tendo en conta a concepción actual das residencias na dotación de recursos e modelo de atención.





A ausencia de planificación e falta de recursos, o descoñecemento sobre o que debe ser un centro de atención residencial por parte do Goberno galego, está lastrando o benestar das persoas maiores e a calidade de atención para as persoas con patoloxía psiquiátrica. O caos asistencial que están a sufrir algúns centros de atención residencial para persoas maiores deriva na desmotivación, efectos na saúde mental do propio persoal que está desgastado tras ser o epicentro dunha pandemia sen precedentes.

O recoñecemento ao persoal das residencias pasa, única e exclusivamente por incentivalos nas súas condicións laborais e dotalos de persoal suficiente e especializado ante este tipo de casuísticas.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que porcentaxe de persoas menores de 65 anos con patoloxía psiquiátrica residen nas residencias de maiores de Galicia?
2. Que conclusións extraen deste novo modelo despois de dous anos de posta en marcha?
3. Como será o novo modelo de residencias que a Xunta de Galicia ten formulado tanto desde o punto de vista arquitectónico como de ingresos e coidados?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:10:05





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:52:39
Nº Rexistro: 16096
Data envío: 03/01/2025 12:52:39.235

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:10:13

CSV: B0P5TRB03-@X1da2780e66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

56780

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:53:06
Nº Rexistro: 16098
Data envío: 03/01/2025 12:53:06.970

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Mes tras mes vémonos na obriga de traer ás diferentes comisións ou plenos preguntas sobre as cifras en col da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Por moito que preguntemos, as reiteradas queixas ante os concellos e as dependencias da Xunta de Galicia nos que os familiares de persoas que se atopan á espera da resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención), poñen a voz de alarma sobre os períodos de espera ao que se ven sometidos.

Os informes do Observatorio da Dependencia, elaborado pola Asociación Estatal de Directoras y Gerentes en Servicios Sociales poñen de manifesto que Galicia é unha das comunidades autónomas que peor posición ocupa de toda España na escala de valoración de dito Observatorio Estatal para a Dependencia.

Seguimos á espera dun proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia mentres os datos continúan a ser preocupantes. Dende o Grupo Parlamentario Socialista propuxemos como parte da solución, en numerosas ocasións, a necesidade dun incremento significativo de persoal nos equipos de valoración de dependencia EVD.





A Consellería anunciou un plan de choque en dependencia enmarcado no Estatal para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto especificando:

- a) Implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes. Deseñando un único procedemento do recoñecemento de dependencia así como o Programa Individual de Atención.
- b) Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorarase o modelo de xestión de citas, entre outras medidas, segundo a Consellería de Política Social.

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal foi a inversión para lograr reducir as listas de espera, o número de técnicos dos equipos de valoración que se incrementaron e o tipo de contrato. Hai que ter en conta que Galicia foi beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España.

Ademais é fundamental que a Xunta de Galicia aclare por que existen máis de 9000 solicitudes que non figuran en ningún tipo de estatística por non estar gravadas no sistema, segundo o citado informe do XXII Observatorio de Dependencia Estatal. Por outra banda, é fundamental elaborar un estudo que permita coñecer os motivos ou variables que motivan que Galicia sexa a Comunidade Autónoma na que menos solicitudes se inician por habitantes potencialmente dependentes.

En concreto tan só o 16,13 %, 78.315 solicitudes de 485.558 galegos e galegas potencialmente dependentes. A media nacional de solicitudes é de 29,98 %, moi superior á galega, que queda en último lugar en comparativa co resto de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:53:06
Nº Rexistro: 16098
Data envío: 03/01/2025 12:53:06,970

comunidades autónomas. Polo que é preciso coñecer as causas para elaborar propostas adaptadas que dean solución a un problema que afecta directamente ao benestar dunha parte da cidadanía que renuncia aos seus dereitos. Unha das solucións pasa por reforzar os recursos humanos dos equipos de servizos sociais comunitarios.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos profesionais vai implementar a Consellería de Política Social e Igualdade para axilizar as listas de espera para a valoración do grao de dependencia?
2. Cando pensa a Consellería de Política Social e Igualdade establecer unha mesa de traballo coas entidades sociais a fin de ofrecer uns servizos en tempo e forma ao dependentes con grao recoñecido?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:11:16

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:11:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia comeza o seu título III sobre o réxime específico de protección e acceso dos Bens de Interese Cultural co artigo 48 sobre as visitas públicas:

1. As persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.
2. O cumprimento desta obriga poderá ser dispensado total ou parcialmente pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural cando exista unha causa xustificada. O deber de permitir o acceso non se estenderá aos espazos que constitúan domicilio particular ou nos que poida resultar afectado o dereito á intimidade persoal e familiar. En todo caso, a consellaría competente en materia de patrimonio cultural poderá establecer, despois de lles dar audiencia ás persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais afectados, un espazo mínimo susceptible de visita pública. Galicia conta cun magnífico patrimonio cultural, moito do cal ten o recoñecemento de Ben de Interese Cultural, que merece ser coñecido por toda a sociedade para a súa posta en valor.

Mais a realidade é que moito dese patrimonio, nomeadamente da Igrexa, non cumpre coa obriga dese artigo 48 da lexislación galega. É por iso que a Xunta





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:53:34
Nº Rexistro: 16100
Data envío: 03/01/2025 12:53:34.142

de Galicia debера levar un rexistro de control do cumprimento dese precepto por parte dos devanditos bens.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Supervisa o Goberno galego que os titulares dos Bens de Interese Cultural de Galicia cumpren coa obriga de abrilos para a súa visita gratuíta catro días ao mes?
2. Considera o Goberno galego necesario o seu cumprimento para facilitar que o pobo galego coñeza o seu patrimonio cultural?
3. Ten prevista algunha planificación con motivo de difundir, implementar o poñer de relevancia BIC galegos que non teñan unha visibilidade significativa?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:12:27

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56785

@PSdeG



CSV: B6P1S1B935X01Z6A76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:53:34
Nº Rexistro: 16100
Data envío: 03/01/2025 12:53:34.142

Julio Abalde Alonso na data 03/01/2025 12:12:36

CSV: B6P1S1R8D3G5X0WZRAZ6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

56786

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Non por repetido deixa de perder a consistencia do problema. A cuestión é que as novas que volven unha e outra vez a poñer de manifesto a realidade, nos din que preto de 1.500 persoas están á espera da prestación que outorga a Lei de autonomía persoal.

Tal e como pon de manifesto o Colexio de Traballadores Sociais, o ingreso nunha residencia é o recurso que máis problemas presenta. Ao marxe disto a realidade é que a este recurso ingresan case en exclusiva “persoas que están en situación de emerxencia, sen rede de apoio e con grados de dependencia elevados, en situación de maltrato e desamparo”.

Deste xeito, un servizo ao que temos dereito a cidadanía deste país convértese nunha rede de sustento para sectores da poboación que se ben teñen a necesidade de ingresar nunha residencia, carrexan outros problemas que tiñan que contar con outro tipo de axuda ou recurso dada a súa natureza.

Isto pon de manifesto que non só non atenderon nestes últimos 15 anos a unha demanda que era inminente e a que tiñamos dereito, senón que abandonaron a súa sorte a un sector da poboación vulnerable que agora precisa de xeito urxente unha solución de dobre vía: a prestación que provee a Lei de dependencia e o sustento do estado debido a súa vulnerabilidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:54:10
Nº Rexistro: 16102
Data envío: 03/01/2025 12:54:10.595

Así pois, non só se trata de que o Goberno do Partido Popular atenda á demanda das prestacións da Lei de Dependencia con unha promesa de eliminación de burocracia para percibir as axudas e recursos que provee a Lei; senón que ten outro problema engadido que é a desatención do grupo de poboación vulnerable e que está en situación límite.

Debido a esta cuestión, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ante o dobre problema de vulnerabilidade e listas de espera na Lei de dependencia, cales son realmente as medidas que a Xunta de Galicia vai a implementar de cara a diminuír as listas de espera para as persoas usuarias que están pendentes de percibir os recursos que prevé a lei poidan facelo efectivo?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:14:31

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:14:39

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

56788

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0D2G3R4Y1Z3R40-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Segundo o último informe do Imsero, soamente o 33,14 por cento da poboación potencialmente dependente ten solicitado as prestacións que contempla a Lei de dependencia.

Isto é, en Galicia soamente un de cada tres posibles persoas beneficiarias solicita as axudas de dependencia. Hai casos extremos de persoas que tiveron que vender a súa vivenda para que a súa parella, despois de sufrir unha patoloxía neurolóxica, puidese acceder a unha residencia privada con custes superiores a 3.000 euros; mentres o outro membro da parella foi a vivir de alugueiro.

O outro caso como o dunha persoa que ao quedar afectado dunha tetraplexía atopouse con falla de persoal capacitado e horarios inadecuados. Ou o caso dun enfermeiro que destacaba no seu centro a ausencia de protocolos informativos no seu centro de saúde para dar a coñecer estas prestacións.

Tanto esta inacción da información como o farragoso do proceso convértese nunha barreira de entrada para as persoas que precisan tramitar. O último Informe de avaliación do sistema de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (SAAD), de setembro de 2022, tamén sinala a lentitude do proceso como o principal problema á hora de acceder ás axudas de dependencia. De media, o trámite tarda 329 días, segundo as últimas cifras do Imsero, fronte aos 6 meses segundo a lei.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:54:42
Nº Rexistro: 16104
Data envío: 03/01/2025 12:54:42.564

Sabendo que os prazos de atención non se cumpren, e que existen promesas de axilización dos trámites da lei, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Xunta de Galicia algún plan de información eficaz para que a poboación saiba cales son as prestacións ás que teñen dereito e como poden solicitalas?
2. Cantos persoas usuarias estima a Xunta de Galicia que non solicitan as prestacións da Lei de dependencia por mor de descoñecemento e mesmo da complexidade da mesma?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:17:05

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:17:13





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Nos últimos tempos vimos observando un retroceso tanto no discurso como nas actitudes e o intento de inxerencia dalgúns grupos políticos que enarborando a bandeira da liberdade, pretende conculcar os dereitos acadados. Convivimos con discursos de odio no día a día que derivan entre outras situacións lamentables e censurables, nun incremento neste último do número de agresións lgtbifóbicas na nosa comunidade.

En Galicia, contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Se nestes momentos lemos os seus títulos a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado. Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que seis anos despois, e tal e como xa lamentamos en numerosas ocasións desde o Grupo Socialista non ten apenas actividade propia.

Unha soa xuntanza no 2022, e unha en 2023 pese a que a extinta Consellería de Igualdade se comprometera a cumprir co contemplado e pactado no propio Observatorio cun mínimo dunha xuntanza por trimestre. Por outra banda, en outubro do ano 2021 UGT presentaba un estudo sobre a situación das persoas LGTBI no traballo. No mesmo recollía que o 96 % das persoas LGTBIQ+ en Galicia, o 90 % no Estado, consideran un inconveniente esta condición á hora de encontrar traballo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:55:15
Nº Rexistro: 16106
Data envío: 03/01/2025 12:55:15.658

Tamén amosaba un dato demoledor, o 91 % na nosa Comunidade Autónoma considera necesario ocultar a súa orientación sexual e seis de cada dez traballadores en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas. É importante resaltar que Galicia se atopaba así entre as tres comunidades onde a percepción da discriminación é máis alta, e sobre estes índices estima este grupo parlamentario que o Goberno galego vese na obriga de actuar.

Nunha interpelación sobre esta desigualdade no plano laboral do PSdeG a xa desaparecida Consellería de Igualdade asegurou no Pleno deste Parlamento que se estaba a elaborar un estudo sobre a realidade laboral das persoas LGTBIQ+ que vería a luz nos primeiros meses de 2022. Pese a insistir neste traballo, nada se sabe arredor deste traballo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando vai o Goberno galego facer público o estudo anunciado pola extinta consellería que leva segundo as súas propias previsións máis de dous anos e medio de atraso?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:55:15
Nº Rexistro: 16106
Data envío: 03/01/2025 12:55:15.658

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:20:28

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/01/2025 12:20:37

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:20:45

CSV: BGRSTBDB3G3XU6C3R4G-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56793

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Este ano cúmprense catro anos da entrada en vigor do Ingreso Mínimo Vital (IMV). En 2020 o Goberno de España adiantaba o lanzamento desta prestación debido á situación resultante da pandemia da covid. Deixando á marxe o lanzamento desta prestación por mor da pandemia, actualmente hai eivas e denuncias da existencia dun “labirinto burocrático” que fai que sexa complicado o acceso a esta prestación. Aínda así, en Galicia hai máis de 72.000 persoas beneficiarias. Sete veces máis da máxima cobertura que chegou a ter a Risga nos seus máis de trinta anos de historia.

O IMV concibiuse para ser compatible coas rendas mínimas e de inclusión que teñen en diferentes comunidades autónomas. Ocorre que en Galicia esa compatibilidade non é posible debido á Lei de inclusión do ano 2013. A modificación desta lei foi anunciada reiteradamente por Alfonso Rueda, que está conxelada a “efectos prácticos”, tal e como o enuncia un diario dixital.

Nas xuntanzas celebradas en Madrid entre a conselleira de Benestar Social e a ministra de Seguridade Social, Elma Saiz, o argumento da conselleira é a reclamación da transferencia da xestión da prestación. Mentres que, desde o Goberno de Pedro Sánchez solicítase “o compromiso da Xunta de Galicia para adaptar a normativa da Comunidade Autónoma ao IMV sen que implique a redución da cobertura das persoas beneficiarias, é dicir: abordar a tan prometida e adiada reforma da lei de inclusión.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:55:53
Nº Rexistro: 16108
Data envío: 03/01/2025 12:55:53,643

O último que sabemos é que Alfonso Rueda voltou a incluír nas súas promesas electorais para esta lexislatura a reforma da Lei de inclusión. Este retraso está a bloquear non só a xestión dela polo executivo galego senón unha serie de situacións desfavorecedoras con familias que non poden optar a prestacións que perpetúan o seu estado de vulnerabilidade e exclusión social. En consecuencia, a non reforma da Lei está a prolongar situacións desfavorecedoras para familias que, noutros territorios de España, compatibilizan sen problema.

Como queira que desde o ano 2021 esta situación non atopa a resolución necesaria, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando poderán as familias vulnerables e en risco de exclusión de Galicia acceder a outras prestacións sen ter incompatibilidades co IMV?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:22:33

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:22:41





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O artigo 59 da Lei de servizos sociais do 2008 establece que é competencia da Xunta de Galicia o liderado do Sistema de Servizos Sociais.

Isto significa que o establecemento do marco normativo de todos os Servizos Sociais e a planificación dos mesmos no ámbito territorial de Galicia mediante a elaboración estratéxica do Plan de Servizos Sociais e os planes e programa sectoriais recóllense a través deste artigo.

O devandito plan estratéxico aínda nunca foi aprobado desde a aprobación da lei no ano 2008. En 16 anos de vixencia da lei, nunca viu a luz.

O artigo 45 da propia Lei de servizos sociais, establece que o departamento da Xunta de Galicia con competencias en materias de servizos sociais elaborará cada 6 anos un plan estratéxico que se formulará en función das necesidades sociais, do presente, da cidadanía galega; garantindo a participación das entidades locais. E, este plan, debería ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

Nunca se elaborou o devandito plan e, por consecuencia, nunca houbo aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, demostrando así a falla de implicación da Xunta no liderado do sistema galego de servizos sociais. Feito que, por outra parte, lle corresponde de acordo coa lei; en concreto coas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:56:28
Nº Rexistro: 16110
Data envío: 03/01/2025 12:56:28.737

competencias que se lle atribúen no artigo 50 da lei de 2008 de Servizos Sociais de Galicia.

Ademais, a falla de aprobación do plan ten unha consideración práctica negativa para o desenvolvemento da lei: a regulación dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

Con motivo desta eiva que consideramos fundamental para o desenvolvemento regular e sostible dos servizos sociais galegos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando ten pensado a Consellería de Política Social e Igualdade formular o plan estratéxico de servizos sociais tal e como recolle a Lei galega de servizos sociais no seu artigo 45?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:23:49

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:23:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56797

@PSdeG



CSV: B6P5T8B9CtEX1623yA66
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Esclerose Lateral Amiotrófica é unha enfermidade neurodexenerativa e discapacitante que, salvando excepcións, ten unha esperanza de vida entre 2 e 5 anos. A medida que a enfermidade avanza, se paralizan todo tipo de movementos, excepto os oculares, así como a fala, permanecendo intactas as capacidades cognitivas do doente.

A doenza supón unha gran dependencia e unha urxencia na toma de decisións do ámbito familiar que rodea aos afectados; xa que a velocidade do deterioro fai que a realidade presente do doente sexa cambiante e precise de coidados específicos e constantes que eviten o sufrimento e retrasen o máximo posible o falecemento. Na actualidade estímase en 4000 persoas que padecen ELA en España, e aproximadamente 350 en Galicia. Tódolos días falecen 4 persoas de ELA en España e detéctanse 4 novos casos.

O pasado 10 de outubro aprobábase por unanimidade no Congreso dos Deputados a Lei ELA, coa unanimidade de tódolos partidos políticos que apoiaron unha lei que vén a recoller non só a realidade desta enfermidade, senón tamén o traballo de investigación sobre esta doenza que se fai máis que necesario.

O texto da lei, elaborado en conxunto coas persoas afectadas de ELA, ten puntos novidosos como a ampliación de coberturas da propia norma que





abarcará enfermidades doutras patoloxías que precisan de coidados sanitarios e sociais con certa complexidade.

Recóllese tamén o procedemento para recoñecer a discapacidade das e dos afectados con axilidade; establecendo un procedemento de urxencia máximo de tres meses para adxudicar ou revisar o grado de discapacidade e dependencia.

Contempla tamén a lei unha reivindicación das asociacións de afectados pola ELA na que fan fincapé na atención docimiliaria especializada. Isto implica que haberá que levar a cabo unha mellora no sistema de coidados, reforzando os servizos de asistencia persoal e axuda no fogar; asegurándose unha atención e supervisión das 24 horas para aqueles que estean xa nunha fase avanzada da enfermidade.

Por outra parte, as persoas afectadas considéranse como “consumidoras vulnerables” co que se lles fará bonificacións como o bono social eléctrico.

O feito de ter ido da man das e dos afectados na redacción da lei, propicia que o diálogo en col das súas necesidades sexa explícito e quede enunciado que o gasto medio por paciente teña que cubrir desde a propia asistencia socio sanitaria, até a adaptación do fogar, dispositivos electrónicos, cadeiras de rodas... sendo todo isto parte dunha realidade cambiante co avance da enfermidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como ten previsto a Consellería de Política Social e Igualdade atender á demanda de formar e estruturar a atención socio sanitaria especializada





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:56:50
Nº Rexistro: 16112
Data envío: 03/01/2025 12:56:50.315

- para persoas enfermas de ELA, toda vez que a casuística destes enfermos leva aparelada o manexo de técnicas e tecnoloxía específica?
2. Que orzamento destinará a cubrir a asistencia socio sanitaria e outras prestacións que ten previsto a lei?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:25:07

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:25:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56800

@PSdeG



CSV: BGRISJTRBQyGKtjp2MA96
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:57:18
Nº Rexistro: 16114
Data envío: 03/01/2025 12:57:18.815

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Tras o último informe a EAPN, preto de 690.000 persoas en Galicia, o 25 por cento da poboación, sofren risco de pobreza ou exclusión social.

Esta cifra supón que aumentou en 50.000 persoas máis que no último informe do ano anterior, con especial incidencia en nenos e mulleres e que alcanza ao 52 por cento dos fogares monoparentais. Isto supón que durante 2023 os indicativos de pobreza, risco de pobreza e exclusión social volveron a crecer na comunidade.

É mais, o índice AROPE, que descendera do 25,2 % ao 23,6 % no informe do ano 2023, repuntou agora crescendo dous puntos máis ata acada o 25,5 %.

Unha das connotacións do informe sinala que se teñen incrementado os índices de pobreza e de carencia material, pero non o indicador de baixo nivel de emprego. Isto significa que non chegar un traballo para saír do entorno da pobreza.

O dato é revelador xa que o feito de ter un traballo non nos afasta dos números de pobreza que se incrementan o cal indica un enraizamento da pobreza no tecido social, asumido como unha forma de vida.

A feminización da pobreza é outra das nefastas conclusións do informe, onde indica que estes indicadores de pobre e exclusión recaen nun 80 % en familias





monomarentais. Así como as mulleres pensionistas que tamén se ven atinxidas. O risco de pobre e exclusión social en mulleres crece do 25 ao 27,4 %. Recolle o informe que o 52,7 % monoparentais están en risco de pobreza.

Ter fillos, segue a ser un factor de empobrecemento en Galicia xa que crece a pobreza infantil nos fogares con menores: o 27,1 % están en risco de pobreza e exclusión social, fronte ao 24,3 dos que non teñen fillos. E por grupos de idade, os menores de 18 anos son os que presentan un AROPE máis alto.

No ámbito da pensións, o 48 % da poboación recibe unha pensión por debaixo do umbral da pobreza, que ao mesmo tempo están a axudar na redución da pobreza xa que hai 175.000 persoas que non caen na pobreza debido ás achegas das pensións. No que se refire á privación material e social severa, Galicia está no 8,2 % da poboación (a maior da toda a serie histórica, preto de 230.000 persoas, aínda que máis da metade que están nesta situación, non son pobres. É dicir, 122.000 persoas entraron en situación de vulnerabilidade, segundo EAPN.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales son con exactitude as medidas que levou a cabo a Xunta de Galicia coa fin de erradicar as situacións de vulnerabilidade e pobreza que atinxen a 690.000 galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:57:18
Nº Rexistro: 16114
Data envío: 03/01/2025 12:57:18.815

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:26:25

Paloma Castro Rey na data 03/01/2025 12:26:33

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:26:40

CSV: B6P5TRBQ3E31a2M1A6-\$
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

56803

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, foi vítima dun asasinato na Coruña despois dunha agresión homófoba nas rúas da cidade. Este asasinato provocou non só unha conmoción en toda a poboación senón tamén unha chamada de atención ao que está a acontecer en torno ao ataques homófobos que se producen cada vez con maior frecuencia na sociedade.

E foi precisamente a sociedade a que levou unha resposta inmediata con manifestacións en toda España na que se pedía “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba que neste caso acabou coa vida dun rapaz de 24 anos.

Nun último informe do Ministerio do Interior os delitos de odio en España creceron un 23 % en 2023 respecto ao ano anterior. En Galicia das 123 infraccións por odio o 18,7 % débense á agresións sexuais.

Segundo os datos deste Ministerio, os ataques homófobos duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada das institucións.

Esta terrible reincidencia é un indicativo de que é necesario programas e políticas que traballen desde o ámbito da pedagogía e da sensibilización dentro da normalización das orientacións sexuais da cidadanía. Insistimos unha vez





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:57:42
Nº Rexistro: 16115
Data envío: 03/01/2025 12:57:42.362

máis que a orientación sexual non poden seguir sendo o branco de agresións, vulneración de dereitos e delitos de odio.

É unha obriga dos poderes públicos formar parte activa da normalización dos dereitos da sociedade e traballar na rectificación de comportamentos anómalos que van contra a liberdade e a vida da cidadanía.

Por estes motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal é o orzamento real que destinará a Xunta de Galicia para o traballo de prevención e sensibilización ante os delitos homófobos que están a incrementarse en Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:28:11

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:28:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Fraga e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Reiteradamente vimos de preguntar nesta Cámara, como pensa o Goberno da Xunta de Galicia axilizar a tramitación burocrática para que os usuarios e as súas familias poidan solicitar os recursos e axudas da Lei de autonomía persoal. Toda vez que a Xunta anunciou, en abril de 2023, que tomaría medidas para axilizar os períodos de tramitación e a eliminación de burocracia.

“El objetivo es reducir el papeleo, eliminar duplicidades y acelerar el tiempo hasta que el dependiente recibe la prestación”, indicaba Alfonso Rueda.

Ao parecer, estas medidas formaban parte dun “Plan de choque da dependencia que ten en marcha a Xunta, e que “auguraban” vai cambiar “substancialmente” o procedemento para obter a valoración do grao de dependencia ou a prestación correspondente.

O decreto incide en tres aspectos fundamentais: redución do número de documentos que deben presentar as persoas interesadas en obter un recoñecemento de dependencia. Segundo Rueda, “de presentar unha ducia de documentos pasarase a dous: un informe médico e un informe social”.

En segundo lugar, unifica nun só procedemento os dous que se requiren agora para obter un recurso de dependencia: o de solicitude de recoñecemento de grao e o Programa Individual de Atención (PIA).





En último lugar, redefínese o concepto de PIA. O programa levará aparelado unha prestación económica pública e tamén alternativas de servizo no caso de que a primeira opción non conte con prazas dispoñibles nese momento.

Continuaba o señor Rueda anunciando que o novo decreto tamén conta con “outras” melloras para axilizar e facilitar o traballo de profesionais públicos que valoran a dependencia, como crear novos centros de valoración ou facilidades para xustificar copago dos bonos de residencia, centros de día, axuda no fogar ou asistente persoal. E a redución no papeleo para percibir a axuda por coidador na contorna familiar.

En conclusión, as listas non diminuíron, senón que se incrementaron. A espera para ingresar nunha residencia continúa a aumentar. E os traballadores do sistema están ateigados sen solucións á vista. E a realidade é que chegaron a poñer en contra até ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia que levan anos reclamando o reforzo dos equipos de valoración, indicando que o reforzo non pode ser puntual, xa que o problema na espera é un problema estrutural.

Ademais, seguimos á espera de que se constrúa unha estratexia de Servizos Sociais, xa que medidas como os bonos o que fan e crear expectativas que despois non poden cumprirse. E producen un queime nos profesionais que non só teñen que dar resposta á frustración das persoas usuarias senón a volumes de traballo inasumibles. Realizar estas modificacións, sen contar coas persoas profesionais do eido social e sanitario, é un atraso para os dereitos das persoas usuarias.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:58:09
Nº Rexistro: 16117
Data envío: 03/01/2025 12:58:09.503

Con tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales foron as medidas reais que desde a Consellería de Benestar puxeron en marcha para dar resposta á espera que sofren as persoas usuarias que están á espera dos dereitos que establece a Lei de autonomía persoal?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:42:55

Elena Espinosa Mangana na data 03/01/2025 12:43:04

CSV: B6P5T8D3pCX1a2zRA7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

56808

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O patrimonio cultural de Galicia, material e inmaterial, ten unha relevancia máis que recoñecida no ámbito nacional e mesmo internacional. Tanto no eido da arquitectura e as artes plásticas como no ámbito das letras e o pensamento. Así como naqueles exemplos que mesturaron diferentes pescudas que van desde o pensamento e a escrita, até a música ou a ciencia.

Un bo exemplo disto último o temos naqueles homes e mulleres que conformaron unha das xeracións mellor preparadas deste país e que tiveron que buscar o exilio (exterior ou interior) co estalido da Guerra Civil. O seu traballo, hoxe recollido e analizado en pequenas fundacións, están sustentados na maioría dos casos co esforzo dos concellos e deputacións. Ao tempo que ofrecen unha oferta cultural tanto en cidades como en pequenas vilas nas que xeran boa parte das iniciativas culturais.

Existen tamén outras que comezan a recoller o legado e arquivo de creadores que aportaron feitos diferenciais ao que supón Galicia, e que dan novos pulos culturais, contribuindo ás comunidades nas que se atopan inseridos. E crean importantes focos de acción para as e os artistas actuais xerando accións e liñas de creación. A lista é longa e con desiguais puntos de desenvolvemento: Castelao, Vicente Risco, Luis Seoane, Penzol, Uxío Novoneira, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Manuel María, Laxeiro, Eugenio Granell, Casa Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Carlos Casares...





Unha longa lista espaxada polo territorio galego e que forman un tecido cultural esforzado e pouco escoitado polos dirixentes políticos.

Estas fundacións e centros xeran un importante produto cultural, ben porque traballan na procura de documentación e conservación da mesma, ben porque ademais dese labor arquivístico desenvolven un programa de exposicións e actividades singular. Vencellado tanto a propia labor do autor como a súa posta en diálogo co presente actual.

É unha certeza e obviedade que co apoio da Consellería de Cultura de xeito sostido, en programas que ben puideran estar consensuados e dentro dun programa ad hoc, Galicia, sae gañando. A cultura galega, sae gañando. O tecido cultural e os seus compoñentes, saen gañando.

Sería esta unha forma de construír unha marca da cultura galega, que como xa dixemos, está inserta en todo o seu territorio; ademais de dar visibilidade ao traballo de intelectuais e creadores que se ben pode que se lles poña nome e cara, hai un descoñecemento profundo do seu legado.

Por tales motivos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Valoran desde a Consellería de Cultura visibilizar e dar apoio ás decenas de fundacións e centros de cultura de autor que recollen o traballo de senlleiros creadores galegos?
2. Ten pensado a Consellería de Cultura abrir un plan de traballo para poñer en valor estes centros e fundacións que están sostidos na práctica totalidade con fondos municipais e deputacións?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2025 12:58:32
Nº Rexistro: 16119
Data envío: 03/01/2025 12:58:32.722

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 03/01/2025 12:44:04

Julio Abalde Alonso na data 03/01/2025 12:44:14

CSV: B6P5T8B3c6XyU8g2MaG-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

56811

@PSdeG





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-GX1dc2RAo-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

